

O novo plan de Tráfico do centro e os acordos no bus melloran a mobilidade na cidade

A Comisión de Tráfico fixo unha reorganización integral da mobilidade no casco histórico co obxectivo de "acadar novos itinerarios e accesos máis eficientes e, polo tanto, que permitan reducir os niveis de contaminación. Estes cambios aplicaranse unha vez que finalice a colocación das novas cámaras de acceso a través da lectura de matrículas. Por outra banda, o Goberno local e a Federación veciñal chegaron a un principio de acordo para traballar nas novas liñas de transporte urbano, ademais de anunciar os nacionalistas que se estudarán algunhas das modificacións propostas. **Pax. 16**

Lugo prepara o San Froilán

O Concello ten listo un denso programa de actividades onde os concertos seguen a ser o eixe principal, ao igual que os espectáculos para pequenos



O San Froilán 2021, que non está exento de polémica conta este ano de novo cun amplo programa cultural no que haberá música, actuacións teatrais e animación da rúa apta para todos os públicos. O programa arrincará o 4 de outubro coa lectura do pregón e manterá unha media de actividades moi similar á de anos anteriores, con especial fincapé novamente para os máis pequenos, que terán o seu San Froilán Miúdo. Haberá normas para asistir aos concertos e evitar a expansión do virus. A polémica estivo por parte da instalación do feiral, polo desacordo entre os grupos de goberno. **Pax. 2 a 5**

cultura. Preparan novos murais no Seminario e no barrio de Fingoi. **Pax. 6**

entrevista. A Valentín Arias, da Asociación de Veciños da Milagrosa. **Pax. 9**

sociedade. Antonio Rigueiro recibe o Premio Luís Porteiro Garea. **Pax. 10**

política. Tomé lidera a lista provincial do PSOE ao congreso federal. **Pax. 12**

zona rural. Comezan obras en Pías, Tirimol e preparan outras. **Pax. 15**

infraestruturas. Aposta pola peonización integral do casco histórico. **Pax. 20**

deportes. Lugo e Breogán únense para promocionar o deporte. **Pax. 27**

Espectáculo de humor no auditorio



Actuarán Caravaca e Grison o 22 de outubro. **Pax. 6**

A Xuventude conta co seu programa



Desenvolverán unha trintena de actividades. **Pax. 8**

Isaac Vide, paixón polo deporte



Acadou o podio do campionato Fittest of Spain. **Pax. 14**

Estreado o programa de viaxes Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo estreou o programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, do que, nesta primeira tempada, se beneficiarán máis de 1.200 persoas de 62 colectivos ata o vindeiro 10 de novembro.

Este plan é unha das medidas do Plan de Impulso da Economía da Provincia que ten en marcha a institución para a recuperación dos sectores máis afectados polo impacto da pandemia. **Pax. 21**

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES
EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE
MÁS DE 30 AÑOS

VA VEIGUELA ABOGADOS

RECUPERA LOS GASTOS DE FORMALIZACIÓN DE TU HIPOTECA

Gastos de Registro, gastos de empresa gestora, gastos de tasación, gastos de notaria, comisiones de apertura de hipoteca.
RECUPERAMOS TU DINERO. NO DEJES QUE SE LO QUEDE EL BANCO

SOLO COBRAMOS SI TÚ COBRAS

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: **982 228 606**

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.
 982 228 606
 veiguelabogados
 veiguela abogados

A FONDO

Un San Froilán todavía no aire

Mentres o programa xa está listo, faltan aínda detalles para unhas festas nas que planea a sombra da covid con moitas restricións

A cidade xa ve máis preto este ano a celebración do San Froilán malia que quedan poucos días e están moitas cousas no aire.

Nótase a chegada do San Froilán porque a vila xa luce iluminación. Deu comezo a montaxe da iluminación ornamental do San Froilán 2021, que se repartirá polas distintas zonas da cidade.

O alumado ornamental constará este ano de 11 rótulos co texto San Froilán 2021, 218 arcos luminosos e a decoración de 6 farolas. A iluminación da cidade distribuirase polas distintas entradas da cidade e polo centro. As luminarias colocadas serán LEDs de baixo consumo enerxético e boa capacidade lumínica, e funcionarán do 4 ao 12 de outubro entre as 20:00 e as 02:00. Na praza do Camiño Primitivo instalarase un alumado especial que faga referencia ao Camiño, mentres que o resto farán alusión ao San Froilán. A área de Cultura inviste 37.013,90€ no alumado do San Froilán deste ano.

O que está listo tamén é o programa no que se combinan catro bloques de actividades para todos públicos, os concertos, a música tradicional, a animación de rúa e o resto de programación. A parte, este ano, volverán o San Froilán Miúdo, con actuacións exclusivas para os pequenos da casa.

Novamente, o programa adaptárase aos espazos e normas covid escollendo diferentes espazos para buscar o aire libre principalmente para cada un deles.

A encargada de abrir as festas este ano será Marisol Bravos, mestra e es-



Distintas imaxes do San Froilán do ano pasado, no que xa houbo limitacións pola covid

critora, que lerá o tradicional pregón. Como particularidade especial, este ano é preciso dispoñer dunha entrada para acceder ao recinto, que poden adquirirse de xeito gratuíto na web entradaslugo.es ou na Oficina Municipal de Turismo.

A reserva de entradas funcionará ata 1 hora antes do comezo das actividades. Cada usuario poderá retirar un máximo de 2 entradas por actividade.

As persoas con mobilidade reducida, unha vez retirada a súa entrada, po-

derán instalarse no espazo da butaca asignada ou facer uso da zona de mellor visibilidade acondicionada en cada un dos recintos.

Unha vez no recinto, en todo momento deberán respectarse as distancias de seguridade e será obriga-

torio o uso dos tapabocas.

Deberán seguirse as indicacións dos acomodadores e acomodadoras de cada recinto e facer uso do xel hidroalcohólico no momento de entrar ao mesmo.

Unha vez comezado o espectáculo non se poderá acceder ao recinto. E no caso de abandonar o mesmo no transcurso da actuación, non se poderá volver entrar; e esa cadeira tampouco poderá ser ocupada por outra persoa por motivos sanitarios.

BARRACAS. Non estivo exento de polémica o San Froilán este ano. A comisión de festas, composta por representantes de todos os partidos, foi abandonada polos concelleiros da oposición porque aseguraron que non se tiña en conta a súa opinión. Tras esta decisión chegou a protesta xeralizada ás portas da casa consistorial dos barraquistas pola decisión dos organizadores das festas de non permitir a instalación de barracas este ano. A concelleira de Cultura asegura que o protocolo da Xunta non permite a súa instalación mentres esta asegura que si.

Entrou en acción nese momento a alcaldesa, que trala celebración da Xunta Local de Seguridade, anunciou que as barracas montaríase xa que se facía ela responsable.

Co tempo xusto para a colocación das barracas, quedan a 5 días das festas moitos flecos por ver e espérase que podan montar a fin de semana antes do inicio dos festexos o luns. Os feirantes habituais están dispostos a iniciar a montaxe en canto sexa posible.

PROMEDISA®
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEEDIA

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE
www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

Un pouco de historia de San Froilán

No 1754 recibiron o permiso para celebrar esta cita anual, que convertiu a cidade nun referente do comercio de gando vacún

As multitudinarias festas do San Froilán son as máis fermosas do outono galego, dicía Álvaro Cunqueiro no seu tempo. Os libros de historia din que no século XVIII, concretamente en 1754, foille concedido a Lugo o privilexio de organizar as feiras de San Froilán e coa chegada do ferrocarril en 1875 as festas adquiriron unha extraordinaria importancia económica o que, xunto ao ferrocarril, fixo da cidade amurallada o principal centro de comercio de gando vacún da península.

O 5 de outubro día oficial do San Froilán, é o día no que milleiros de persoas acoden á cidade de Lugo a celebrar as festas, desfrutar da música, do baile e das feiras de artesanía e de gandeiría.

No campo da feira, as casetas do polbo sempre foron o maior reclamo das festas e xunto coas numerosas atraccións para nenos e o mercado completaban un cadro festivo que acrecentaba o seu interese ano tras ano e rexistraba unha afluencia de centos de miles de visitantes.

O Domingo das Mozas, o seguinte ao día do Patrón, tamén era un verdadeiro río de xente que disfrutaba co traxe tradicional e o folclore galego.

Ademais, as festas do San Froilán son unha das mellores ocasións para coñecer a cidade e os seus monumentos pois o casco histórico concentra a ampla maioría deles. Aínda que o feiral actual non é o primeiro lugar que se escolleu para centralizar os postos, este leva xa moitos tempo vinculado á zona do parque Rosalía, aínda que a zona da estación de autobuses e tamén a Mosquera son outros dos lugares de fonda tradición festiva.



Fotografías do Arquivo Histórico Provincial de Lugo e do fondo fotográfico José Luis Vega



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874

Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

PROGRAMACIÓN

LUNS 4

19.30 h. Pregón a cargo de Marisol Bravos López no salón de plenos da Casa do Concello.

19.30 h. XVI Sanfroidance (Reserva previa de entrada), homenaxe a “J Mayúscula” coas actuacións de; Ricky Hombre Libre, Kiki Sound Aka Kamikaze, Sho-Hai A Los Cd’S, Fume Records Showcase, Juanma Lodo Visuais no escenario da Explanada do Auditorio Gustavo Freire.

20.00 h. Os Pelúdez entre nós no pregón.

20.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Os Trastiños de Castelo + Cabezudos pola praza Maior e recinto histórico.

20.00 h. Concerto de The Corporation (Entrada libre) no escenario da praza Santa María.



21.00 h. Concerto de Jenny & The Mexicats (Reserva previa de entrada) no escenario da praza Santa María.

20.30 h. Actuación orquestra París de Noia na praza de Augas Férreas.

21.00 h. Concerto de Infrarroja (Entrada libre) no escenario da Horta do Seminario.

22.00 h. Concerto de La la love you (Reserva previa de entrada) no escenario da Horta do Seminario.

MARTES 5 (SAN FROILÁN)

11.00 h. Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Todo o día.

12.00 h. Os Pelúdez entre nós pola Praza Maior e recinto histórico.

12.00–20.00 h. Cultura e Tradición no Camiño V a cargo de Traxandaina no Vello Cárcere; Demostración de fabricación artesanal de zocas a cargo de Alberto Geada, de tapiz en tear da man de Marina Seoane

e do traballo de follalateiro a cargo de Fernando Reboredo

12.00–22.00 h. San Froilán máxico no teu barrio (praza Agro do Rolo). O mago Antón. Oito actuacións: ás 12, 13, 17, 18, 19, ás 20, 21 e ás 22 horas.

11.00 h. Mini San Froilán Asociativo. Na praza Maior, arredor do quiosco da música. Ata as 14.00 horas.

13.00 h. Concerto de Mr Hathaway (Entrada libre) no escenario da Praza Santa María.

13.00 h. Concerto de Holy Damn (Entrada libre) no escenario da Horta do Seminario.

13.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Arrincadeira Folk pola Milagrosa.

20.00 h. Pasarrúas do grupo de percusión Tambukada + cabezudos pola praza Maior e recinto histórico.

20.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Reviravolta por Augas Férreas.

20.00 h. Concerto da Banda Filarmónica de Lugo (Reserva previa) no escenario da Explanada do Auditorio Gustavo Freire.

20.00 h. Concerto de Nebra (Entrada libre) no escenario da praza de Santa María.

21.00 h. Concerto de Xisco Feijóo (Reserva previa) no escenario da praza de Santa María.

21.00 h. Concerto de Conducto Coloquio (Entrada libre) no escenario da Horta do Seminario.

22.00 h. Concerto de Sidecars (Reserva previa) no escenario da Horta do Seminario.

MÉRCORES 6

12.00–20.00 h. Cultura e Tradición no Camiño V a cargo de Traxandaina no Vello Cárcere. Con Xaneco Tubío; percusión e zafonas, Germán Arias; Luthier e demostración de tear da man de Traxandaina.

13.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Tirapadiante polo Castiñeiro.

18.30 h. A Letra das Festas (2021) “O San Froilán En-foco” Memoria das festas tras do visor dunha cámara fotográfica. Proxección de imaxes comentadas por autores e

autoras. Revista Oral organizada pola sección de literatura de tradición oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, no Auditorio do Vello Cárcere.

20.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Son de Lugh pola praza Maior e recinto histórico.

20.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Nubeiro polas Fontiñas.

20.00 h. Electronic Lucus Festival; House Edition (Reserva previa) coas actuacións de; DJ Frisco & Marcos Peón + Hugo Leivas + Oio-son no escenario da Explanada do Auditorio Gustavo Freire.

20.00 h. Concerto de Abya Yala (Entrada libre) no escenario da praza de Santa María.



21.00 h. Concerto de Gatibu + Grande Amore (Reserva previa) no escenario da praza de Santa María.

XOVES 7

12.00–20.00 h. Cultura e Tradición no Camiño V a cargo de Traxandaina no Vello Cárcere.

Con Canteiro, Punteiradas de Pedra, Estudio Estampa, Serigrafía e demostración de tear da man de Traxandaina.

13.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Xaora pola Ponte Vella.

19.00 h. Presentación do número 18 da colección San Froilán dos Devanceiros “Letra das festas 2011–2020. A revista oral do San Froilán” de Antonio Reigosa e Lois Pérez, no Auditorio do Vello Cárcere.

20.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Raíces do Campo pola praza Maior e recinto histórico.

20.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Baixo da Saia

pola Milagrosa.

20.00 h. Concerto de Haenselus (Entrada libre) no escenario da praza de Santa María.

20.30 h. V Concurso Miss Deusa + Concerto de Samantha Hudson (Reserva previa) no escenario da Explanada do Auditorio Gustavo Freire.

21.00 h. Concerto de Isaac Et Nora e Fetén Fetén (Reserva previa) no escenario da praza de Santa María.

VENRES 8

12.00–20.00 h. Cultura e Tradición no Camiño V a cargo de Traxandaina no Vello Cárcere. Con Miguel Mosquera, pito pastoril, e demostración do fiado de liño e lá a cargo de Bolboreta Fiandeira e de tear da man de Traxandaina.

13.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Pingarela por Augas Férreas.

17.00 h. Rats de Campi Qui Pugui. Espectáculo itinerante polo recinto histórico. Saída da praza San Marcos.

17.00 h. Espazo Hip Hop (Reserva previa); Batalla de galos coas actuacións de; Carisma + Dury e Concerto coas actuacións; Tekilas, Beauty Pikete, Iaghost, La Nasa, Dani Darko, Happy004, KRK002 e L’Haine, na Explanada do Auditorio Gustavo Freire.

19.00 h. Rats de Campi Qui Pugui. Espectáculo itinerante polo recinto histórico. Saída da praza San Marcos.

20.00 h. Os Pelúdez entre nós polo recinto histórico.

20.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Foliada de Bosende pola praza Maior e recinto histórico.

20.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Biouteiro Astelu polo Castiñeiro.

20.00 h. Concerto de Los Zorros (Entrada libre) no escenario da praza de Santa María.

20.30 h. Actuación orquestra Marbella na praza de Augas Férreas.

21.00 h. Concerto de Corizonas (Reserva previa) no escenario da praza de Santa María.

21.00 h. Concerto de Wealman (Entrada libre) no escenario da Horta do Seminario.

SAN FROILÁN MIÚDO



Martes 5

12.30 horas – *Uxía Lambona e a Banda Molona* de Troula.
18.00 horas – *Oh- Pera* de Circo Chosco.

Mércores 6

18.00 horas – *Desconcerto* de Culturaactiva.

Xoves 7

18.00 horas – *María Balteira, bailadora primeira* de Producións Xamón.



Venres 8

18.00 horas – *Herencia* de La industrial teatral.

Sábado 9

12.30 horas – *Cousas da Casa* de Mircromina teatro de títeres.

18.00 horas – *Triodedos* de La Pequeña Victoria Cen.

Domingo 10

18.00 horas – *Los Viajes de Bowa* de La Gata Japonesa.

Luns 11

18.00 horas – *Yee-Haw* de La Banda del Otro.

Martes 12

18.00 horas – *Exportats* de La Trócola Circ.



MÚSICA TRADICIONAL

CONCERTOS

ANIMACIÓN NA RÚA

OUTROS





22.00 h. Concerto de Baiuca (Reserva previa) no escenario da Horta do Seminario.

SÁBADO 9 (DÍA DE FERROL)

11.00 h. O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación Corazóns Artesáns no parque Rosalía de Castro ata ás 13:30 horas.

12.00-20.00 h. Cultura e Tradición no Camiño V a cargo de Traxandaina no Vello Cárcere. Coas demostracións de ouribería a cargo Adolfo Domínguez, de construción de títeres da man de Mircromina títeres e de tear a cargo de Traxandaina.

12.00-22.00 h. San Froilán máxico no teu barrio(praza Camiño Primitivo na Ronda das Fontiñas) O mago Antón. Oito actuacións: ás 12, 13, 17, 18, 19, ás 20, 21 e ás 22 horas.

13.00 h. Recepción oficial á Corporación do Concello de Ferrol no salón de plenos, na Casa do Concello.

13.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Treboada polas Fontiñas.

13.00 h. Concerto de Man de Santo (Entrada libre) no escenario da praza de Santa María.

13.00 h. Concerto de Patuk Band (Entrada libre) no escenario da Horta do Seminario.

17.00 h. O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación Corazóns Artesáns no parque Rosalía de Castro ata as 21.00 h.

17.00 h. Cazabacterias de Teatro del Cuervo. Espectáculo itinerante polo recinto histórico. Saída da Praza San Marcos.

20.00 h. Pasarrúas de música tra-

dicional do grupo Caivanca + cabezudos pola praza Maior e recinto histórico.

20.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Os Xílgaros de Lugo pola Ponte Vella.

20.30 h. Actuación orquestra Arizona na Praza de Augas Férreas.

20.30 h. XIX Festival de Cultura Tradicional (Reserva previa) coas actuacións de; Centro Cultural A Ponte Vella (Reis-Teo) e Cántigas e Frores no escenario de Explanada Auditorio Gustavo Freire.

20.00 h. Concerto de Big Mind (Entrada libre) no escenario da praza de Santa María.

21.00 h. Concerto de María Rodés (Reserva previa) no escenario da praza de Santa María.



22.00 h. Concerto de David Rees (Reserva previa) no escenario da Horta do Seminario.

DOMINGO 10 (DOMINGO DAS MOZAS)

11.00 h. O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación Corazóns Artesáns no parque Rosalía de Castro. Das 11.00 a 13.30 horas e das 17.00 ás 21.00 horas.

11.00 h. Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Todo o día.

11.30 h. XXIII Mostra de Musica Tradicional Galega coas actuacións polo recinto histórico de; @s Retorcid@s, As falas Eonaviegas, A Gaita de Galleto, Berros do Castro, De Pé Feito, Lubicáns, Pandeireteiras Ergutío, Pandeireteiros de Cántigas e Frores, Paraíso Canto, Sadeo Pandereteiras, Silva Redonda, Son Galego Treboada, Tumba e Dalle.

18.00 h. Concertos de; Lulavai + Comando curuxás (Entrada libre) dentro da Mostra de Música Tradicional do Domingo das Mozas no escenario de Praza de Santa María.

Pandereteiras, Silva Redonda, Son Galego Treboada, Tumba e Dalle.

12.00-20.00 h. Cultura e Tradición no Camiño V a cargo de Traxandaina no Vello Cárcere. Coas demostracións de cestería a cargo de Carmen Fieiras, de confección de corozas por Álvaro Leiro e de tear da man de Traxandaina.

12.00-22.00 h. San Froilán máxico no teu barrio (praza do Castiñeiro). O mago Antón. Oito actuacións: ás 12, 13, 17, 18, 19, ás 20, 21 e ás 22 horas.

12.00 h. Os Pelúdez entre nós polo recinto histórico.

12.30 h. Ofrenda floral a Rosalía de Castro por parte de Nieves Neira Roca, coa participación do grupo Berros do Castro no Parque Rosalía de Castro.

12.30 h. Circo Krasnovorak de Troula animación. Espectáculo itinerante polo Recinto Histórico. Saída da Praza San Marcos. En caso de choiva na carpa do San Froilán Miúdo.

13.00 h. Concerto de Acordeireta (Entrada libre) no escenario da praza de Santa María.

13.00 h. Concerto de Rachel & The Blue Batons (Entrada libre) no escenario da Horta do Seminario.

17.00 h. O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación Corazóns Artesáns no parque Rosalía de Castro ata ás 21.00 h.

17.30 h. XXIII Mostra de Musica Tradicional Galega coas actuacións polo recinto histórico de; @s Retorcid@s, As falas Eonaviegas, A Gaita de Galleto, Berros do Castro, De Pé Feito, Lubicáns, Pandeireteiras Ergutío, Pandeireteiros de Cántigas e Frores, Paraíso Canto, Sadeo Pandereteiras, Silva Redonda, Son Galego Treboada, Tumba e Dalle.

18.00 h. Concertos de; Lulavai + Comando curuxás (Entrada libre) dentro da Mostra de Música Tradicional do Domingo das Mozas no escenario de Praza de Santa María.

21.00 h. Concerto de Guadi Galego (Reserva previa) no escenario da praza de Santa María.

21.00 h. Concerto de Trinitá (Entrada libre) no escenario da Horta do Seminario.

22.00 h. Concerto de Ángel Stanich (Reserva previa) no escenario da Horta do Seminario

LUNS 11 (DÍA DOS MAIORES)

12.00-20.00 h. Cultura e Tradición no Camiño V a cargo de Traxandaina no Vello Cárcere. Coas demostracións de gaitas por Lis Latas, de encadernación a cargo de Raquel León e de tear da man de Traxandaina.

13.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Cántigas e Frores pola Milagrosa.

18.00 h. Actuación orquestra Costa Dorada na Praza de Augas Férreas.

20.00 h. Os Pelúdez entre nós polo recinto histórico.

20.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Axeigo pola praza Maior e recinto histórico.

20.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo Os Picurruchos por Augas Férreas.

20.00 h. Concerto de Galyrion (Entrada libre) no escenario da praza de Santa María.

20.30 h. Actuación orquestra Costa Dorada na praza de Augas Férreas.



21.00 h. Concerto de El Drogas (Reserva previa) no escenario da praza de Santa María.

21.00 h. Concerto de Proyecto Valley no escenario da Horta do Seminario.

22.00 h. Concerto de María Arnal I Marcel Bagés (Reserva previa) no escenario da Horta do Seminario.

MARTES 12

12.00-20.00 h. Cultura e Tradición no Camiño V a cargo de Traxandaina no Vello Cárcere. Coas demostracións de Alfarrería por Marcelo, orfebrería a cargo de Carla Alfaia e de tear da man de Traxandaina.

11.00 h. Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Todo o día.

12.30 h. Mezzo de Pistacatro. Espectáculo itinerante polo Recinto Histórico. Saída da Praza San Marcos. En caso de choiva na carpa do San Froilán Miúdo.

13.00 h. Concerto de Lagarto Zulú (Entrada libre) no escenario da praza de Santa María.

13.00 h. Concerto de Banda Bestial (Entrada libre) no escenario da Horta do Seminario.

13.00 h. Pasarrúas de música tradicional do grupo A Volta do Agro polo Recinto Histórico.

18.00-21.00 h. Saltar na Rúa a cargo do Clube Atletismo Lucus Caixa Rural Galega na Explanada do Auditorio Gustavo Freire de Lugo. Exhibición das probas atléticas; Salto de lonxitude, salto de altura e salto con pértiga. Coa música de Galician Army.

20.00 h. Concerto de Filophóbicas (Entrada libre) no escenario da praza de Santa María.

21.00 h. Concerto de Tanxugueiras (Reserva previa) no escenario da praza de Santa María.

21.00 h. Concerto de Milesios (Entrada libre) no escenario da Horta do Seminario.

21.30 h. Concerto de Galician Army no escenario da Explanada do Auditorio Gustavo Freire.

21.00 h. Concerto de Manel (Reserva previa) no escenario da Horta do Seminario.

FORMACIÓN PARA DESEMPLEADOS 100% GRATUITO

- IFCT0609 Programación de sistemas informáticos.
- FMEM0109 Xestión da produción en fabricación mecánica.
- COMLO210 Xestión e control do aprovisionamento.
- FMEO209 Deseño de canalización industrial.
- FMEO208 Deseño de caldeiraría e estruturas metálicas.
- FMEO309 Deseño na industria naval.
- IFCT0110 Operacións de redes departamentais
- IFCD0110 Confección e publicación de páxinas web
- Competencias clave: castellano, gallego y matemáticas

Más Información en:
formacion@estudiosrafer.es
982 22 26 49

estudios
rafer



DIGIT@LIZA LUGO

FORMACIÓN 100% GRATUITA PARA EL TEJIDO EMPRESARIAL DE LA PROVINCIA

- Gestión de digitalización
- Desarrollo de negocio digital
- Reto en digitalización
- Reto en comunicación digital
- Reto de competencias directivas
- Reto en transición energética
- Covid - la oportunidad del cambio

¡NO DEJES QUE TU EMPRESA SE QUEDE ATRÁS!

INFÓRMATE 672 06 33 31

digitalizacionpymeslugo@eoi.es

**Caravaca e Grison
ofrecerán o seu
espectáculo en Lugo**



Jaime Caravaca e Grison Beatbox volven de novo á carga esta tempada para ofrecernos un único e irrepetible show que mistura comedia e beatboxing nun ambiente moi participativo e con moita improvisación. Nesta ocasión será o día 22 de outubro no auditorio Gustavo Freire ás 21.30 horas e contarán cos mellores monólogos de Caravaca, as escenas conxuntas, dobraxe en directo, e as cancións imposibles de Grison cun insuperable beatbox e o seu inseparable loopstation. As entradas para este espectáculo xa están á venda.

Preparan novos murais na medianeira do aparcadoiro e no barrio de Fingoi

A área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua continúa co festival de arte urbano Culturbán, que este ano celebra a súa segunda edición en colaboración co Espacio Lupa Arte. O recoñecido muralista Miguel Peralta foi o encargado de realizar un novo mural no aparcadoiro municipal do Seminario, que se pode ver xa desde a avenida Anxo López Pérez.

“Seguimos a traballar en intervencións artísticas na rúa que convirían a Lugo nun lugar vangardista, participativo e amable”, explicou a concelleira de Cultura, Maite Ferreiro.

O novo mural realizouse utilizando as cores da contorna, o que permitirá, segundo explicou a edil de Cultura, “unha mellor integración entre esta intervención artística e a contorna”. O mural plasma unha revisión do mito do Minotauro, mostrándonos a Ariadna cortando o fío co que axudaba a Teseo a escapar do labirinto.



Rúa Santo Domingo da Calzada, onde se está a realizar o novo mural de Barea

Maite Ferreiro destacou “o éxito” que supuxeron as intervencións do primeiro culturbán, que leváronnos a apostar por unha segunda edición con ampliada en propostas para “continuar a traballar para mellorar con arte a imaxe das rúas de Lugo”. Durante o verán deuse comezo a esta segunda edición do Culturbán co Combate

Mural celebrado en agosto e as exposicións de fotografía “Xanelas abertas” que luciron nas fiestras do Círculo das artes durante os meses estivais.

FINGOI. Continúa a segunda edición do festival de arte urbano Culturbán, organizado pola área de Cultura e o Espacio Lupa Arte

coa execución dun novo mural nas rúas de Lugo, esta vez no muro exterior do pavillón do colexio de Fingoi. O tenente alcalde, Rubén Arroxo, xunto coa concelleira de Cultura, Maite Ferreiro e o edil de Infraestruturas Alexandre Penas visitaron ao artista lucense Leandro Barea, que se está a encargar de realizar esta nova obra.

“Seguimos a traballar en intervencións artísticas na rúa que convirían a Lugo nun lugar vangardista, participativo e amable”, explicou a concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, que destacou “o éxito das intervencións da primeira edición do Culturbán”. A edil de Cultura afirmou que “seguiamos a apostar polo talento das e dos artistas cunha traxectoria recoñecible como é o caso de Leandro Barea”. O novo mural ocupará unha extensión de preto de 24 metros de ancho, e nel representaranse 7 viñetas co estilo habitual de Leandro Barea.

Exfilna chega a finais de outubro

Lugo será sede, do 21 ao 24 de outubro, da Exposición Filatélica Nacional (Exfilna 2021), segundo confirmou este martes a Sociedade Filatélica Lucense.

O colectivo salienta que acoller Exfilna suporá para Lugo converterse en “importante foco de atención para coleccionistas, afeccionados e para o público xeral”. Lembran ademais que se trata dunha “vella aspiración” da cidade “que leva perseguindo desde os anos 60”, e que só conseguiron Santiago de Compostela no ano 1965, A Coruña en 1976 e Vigo en 2001.

A Exposición Filatélica Nacional ten dúas vertentes fundamentais. Por un lado, a propia exposición, que se centra na promoción da filatelia como un valor cultural e económico, buscando a difusión desta afección e, por outro, o Campionato de España de Filatelia, que se organiza nas clases Oficial, Maestra e Competición.

Correos, principal patrocinador de Exfilna, emite ademais cada ano unha folla bloque conmemorativa dedicada á cidade na que se realiza a mostra, “e outras emisións durante o período que serán claves para que Lugo se vexa recoñecido a nivel nacional e internacional, xa que non podemos esquecer que a filatelia

española é mundialmente recoñecida, admirada e incluso codiciada a nivel de coleccionismo”, destacan desde a Sociedade Filatélica Lucense.

Exfilna 2021 desenvolverase no mes de outubro, en tres escenarios: unha carpa na Praza de Santa María, o salón rexio do Círculo das Artes e a sala de exposicións do Pazo

de San Marcos.

A Sociedade Filatélica Lucense recibiu as confirmacións das organizacións filatélicas de Francia e Italia polas que confirman a súa asistencia. Cada ano convídase a dous países á Exfilna, e os países foron elixidos para ser convidados pola súa vinculación coa cidade ou coa temática desta Exposición.

O CEIP Paradai foi seleccionado para actividades filatélicas

A Sociedade Filatélica Lucense publicou os tres centros escolares que foron seleccionados pola organización da Exfilna para as súas actividades escolares. Estes serán o CEIP Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo, o CEIP Poeta Avelino Díaz de Meira e o CEIP Paradai de Lugo.

O resto das solicitudes teranse como lista de espera por se algunha incidencia impide levar a cabo as actividades nos elixidos.

Os tres centros reúnen a un total de 519 alumnos de primaria, que son os destinatarios destas actividades, en que un monitor da organización desenvolverá charlas e talleres, que se enfocan tanto á

redacción e formato da carta tradicional (un mundo que hoxe día apenas coñecen xa que o habitual é acudir ao correo electrónico) como do coleccionismo filatélico.

Todo isto ten un custo cero para o centro educativo xa que a actividade finánciase a cargo dos orzamentos de Fesofi (a Federación de Sociedades Filatélicas) co apoio de Correos, polo que é unha ocasión extraordinaria de ter unha actividade adicional sen custo.

As actividades están programadas para este mes de outubro. Os centros seleccionados, ao igual que os demais, poden concertar coa organización visitas guiadas.

Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

KYOCERA
Distribuidor Autorizado

EPSON
SOLUCIONES PARA EMPRESAS

OKI
DISTRIBUTOR PARTNER

EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

CRM

CONTABILIDAD

PRODUCCIÓN

FIDELIZACIÓN

E-COMMERCE

EXIT MOBILE

EXIT B2B

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

VPMASCARILLAS

**NOVEDAD****MASCARILLAS MODELO
FFP2 NR ari****OFERTA LANZAMIENTO
2 CAJAS**

10 Unidades Caja

Oferta válida
OCTUBRE**15€****FABRICADAS EN GALICIA**
EN SALA BLANCA PARA UNA TOTAL HIGIENECOMPRA DIRECTAMENTE EN:
TIENDA ONLINEwww.vpmascarillas.com

TIENDA EN FÁBRICA

Avda. Benigno Rivera, 64. 27003 Lugo - 982 147 520

+ INFO: info@vpmascarillas.com

Os museos contarán con programación didáctica este curso

A Rede Museística Provincial presentou unha programación destinada aos centros educativos para o curso escolar que comeza. Os departamentos de didáctica dos catro museos que compoñen a Rede crearon esta programación adaptada á situación sanitaria, con multitude de propostas tanto presenciais como virtuais.

O obxectivo principal desta programación é achegar, un ano máis, o patrimonio conservado nos museos ao alumnado a través dun conxunto de actividades caracterizadas polo seu compoñente educativo, lúdico e multicanle. A programación está enfocada á participación escolar, cunha perspectiva dinámica, divertida e que resulte de interese tanto ao profesorado como ao alumnado. A guía contempla actividades comúns aos catro museos, como visitas de iniciación en 3D ou pre-



senciais, a introspección no retrato, autorretrato e selfie, scape rooms con dez aventuras para escoller, ou programas sobre diversidade e igualdade de xénero, co recoñecemento de mulleres artistas presentes nos museos.

Tamén se ofrecen travesías participativas pola historia, a creación de contos populares, ou a posta en marcha de xogos a través da literatura, o cine e o teatro; esta actividade inclúe premios para os mellores traballos.

Abre unha nova edición do Circuito de Teatro Afeccionado

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo pon en marcha unha nova edición do Circuito de Teatro Afeccionado, co que levará máis de cincuenta actuacións polos concellos.

Dezanove compañías –catro máis que na última edición– ofrecen as súas representacións no marco deste programa, co que a Vicepresidencia da Deputación mantén o apoio ás artes escénicas que se iniciou co programa Buxiganga e que se lanza baixo esta nova fórmula adaptada á situación de pandemia.

Trátase de Asociación Cultural Abrente (As Nogais), Axóuxeres (Vilaronte, Foz), Hipócrita Teatro (Lugo), Grupo de Teatro do Hospital – HULA (Lugo), Os Palmoquiños (Lugo), Nova Escena Teatro (Lugo), Curuxan Teatro Impro (Lugo) Lume Escénico (A Pontenova), O Centiño (Foz), O Torques (Burela), Os Trocos (Castro de Rei), Pico do Castro (Foz),



Alentía Teatro (Palas de Rei), A Mariña (Cervo), Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, Metátese Teatro (Palas de Rei), Os Pinchacarneiros (Lugo), Argalleiras (Chantada) e Teatreiras (Monforte). A área de Cultura xestiona o

calendario, atendendo á dispoñibilidade das compañías e as preferencias dos concellos e asociacións interesadas nesta oferta cultural, e financia íntegramente as actuacións.

A esta nova edición se suman catro grupos máis que o ano pasado, “o que nos fai ser optimistas de cara a recuperar toda a actividade previa á pandemia” e recoñeceu “o traballo e o amor polo teatro que hai detrás das compañías de teatro amadoras, que canalizan a creatividade e as inxerencias artísticas e culturais de moitas persoas formando actores e actrices que logo dan o salto ao teatro profesional”, din dende a organización.

Este programa ofrece a posibilidade de ampliar a oferta cultural e de lecer nos distintos concellos, animando a entidades locais e asociacións a concertar actuacións para os vindeiros meses.

As mulleres rurais contarán durante tres meses cunha programación propia

A Rede Museística desenvolverá nos vindeiros tres meses un amplo programa artellado ao redor da idea de visibilizar a través da arte a contribución das mulleres do rural á configuración da sociedade. O programa inclúe diferentes obradoiros e exposicións e conta coa colaboración de artistas contemporáneas de diferentes disciplinas.

A programación artéllase ao redor de tres proxectos. Recolectoras, memoria e terra é o primeiro. No marco deste proxecto, catro artistas de distintas disciplinas percorrerán os concellos do rural para “conversar a partir da arte contemporánea coas mulleres que configuran o seu territorio e a súa memoria” e crear, a partir desa experiencia compartida, distintas propostas artísticas.

A Ulloa, fotografías centrípedas é o segundo. O 15 de outubro inaugúrase na Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos esta exposición de fotografía colectiva, que pon en diálogo diferentes olladas de mulleres vencelladas á Ulloa.

Remata con Proximidade Llunyana. Baixo este epígrafe, enmárcase un proxecto que ten como obxectivo reunir fotografías e relatos relacionados coa migración das mulleres do rural a Catalunya durante o século XX, especialmente á provincia de Barcelona. Comezará o 18 de decembro de 2021.

En marcha preto dunha trintena de actividades gratuítas para mozos

O Concello de Lugo conta cunha ampla programación de actividades para os meses de setembro a decembro destinada á mocidade lucense. En total, serán preto dunha trintena de obradoiros, masterclass, rutas e recursos aos que poderá acceder a xuventude do municipio de forma totalmente gratuítas.

Así, un concerto do MC Escandaloso Xpósito abrirá o programa de actividades este venres, 10 de setembro, a partir das 19.30 horas na Casa da Xuventude, seguindo todas as medidas de seguridade establecidas con motivo do protocolo covid-19.

As inscricións para este concerto, así como para o resto de actividades deberán realizarse a través do enlace: <https://formulario.xuventudelugo.gal/> Por outra banda, tamén se manterán as asesorías, tanto psicolóxica, como xurídica e de orientación laboral académica, así como o servizo de prevención de drogodependencias. Ademais, haberá rutas guiadas durante todos os meses. Do mesmo xeito haberá unha programación de animación á lectura e contacontos nas instalacións do MIHL, para o que



será preciso retirar entrada, de maneira gratuítas, no portal entradaslugo.es. As persoas adultas que acompañen ás nenas e nenos terán que retirar entrada, mais para dar preferencia ao público infantil, só se permitirá unha acompañante por unidade familiar, cun límite de tres entradas por persoa.

O ciclo conta cun total de cinco actividades, que comezarán o xoves 23 de setembro e continuarán ata o xoves 25 de novembro. Cada unha delas está dirixida a unha franxa de idade.

Pode consultarse a programación ao detalle en www.lugoxa.com

O Espazo de Fotografía da USC programa cursos



Fotografía de Adra Pallón, monitor do curso

O Espazo de Fotografía da USC comeza a mediados de outubro a súa programación no Campus de Lugo coa celebración do curso *A túa cámara, o caderno de notas para crear a través da imaxe*. Este módulo formativo, impartido por Adra Pallón e estruturado en 25 horas, ten como obxectivo asimilar a técnica fotográfica para ser quen de expresarnos a través da linguaxe fotográfica.

As sesións formativas deste módulo de carácter práctico desenvolveranse na sala de prensa da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo en quenda de tarde, de 16.15 a 20.15 horas, os días 15 e 29 de outubro, 5, 19 e 26 de novembro, e 3, 10 e 17 de decembro.

As persoas interesadas en participar neste módulo do Espazo de Fotografía da USC, para o que se ofrecen un

total de 10 prazas, poden formalizar a súa inscrición, ademais de solicitar máis información ao respecto dos contidos e do material que se precisa, a través do enderezo de correo electrónico cultura.lugo@usc.es. Os estudantes universitarios que completen este programa poderán solicitar o recoñecemento un crédito.

MÓDULO DE CREACIÓN FOTOGRÁFICA. O Espazo de Fotografía da USC dará continuidade ao longo do segundo semestre á formación no ámbito da fotografía coa celebración dun módulo de creación fotográfica, que ofrece un total de 10 prácticas. Este programa, impartido por Adra Pallón e estruturado en 25 horas de formación, permitirá ás persoas participantes afondar no seu coñecemento sobre a linguaxe fotográfica.

“A Milagrosa é un barrio con moita vida, con moito orgullo de si”

Valentín Arias, presidente da Asociación de Veciños da Milagrosa, comenta as necesidades do barrio, así como a súa evolución nos últimos anos

O barrio da Milagrosa é un barrio que foi evolucionando co paso do tempo e que cumpre este ano o seu 75 aniversario. Actualmente, é o barrio máis habitado de Lugo -con máis de 20.000 residentes- onde moitas son as persoas que fan vida nas súas rúas. Así mesmo, hai que destacar que o barrio foi cambiando co paso do tempo, coas diferentes propostas de veciños e veciñas que vían e sentían os problemas que aparecían.

Na actualidade, como comenta o presidente da Asociación de Veciños da Milagrosa, Valentín Arias, son precisas algunhas actuacións para que o barrio continúe coa súa mellora. Entre elas atópase o Plan ARI, un plan de reconstrución de vivendas antigas necesario a causa da antigüidade dalgunhas das casas. A isto hai que sumar o problema de estacionamento na zona, un problema que está presente en máis zonas de Lugo.

Sen embargo, non hai que esquecer as diferentes obras e melloras que se realizaron nos últimos anos nesta zona. Sen ir máis lonxe, a construción da praza Agro do Rolo e a peonalización da praza da Milagrosa que fai máis accesible o barrio. Estas cuestións son algunhas que comentou o xa citado Valentín Arias.

Que funcións considera que cumpre a Asociación de Veciños da Milagrosa no barrio?

Ten moitas funcións que van desde recoller todas as queixas e todos os inconvenientes que hai



tanto a nivel tráfico como a nivel de recuperación de casas que están en mal estado, ata as queixas en xeral dos veciños e veciñas do barrio.

Que melloras cre que se deberían levar a cabo na Milagrosa?

Considero que actualmente o fundamental no barrio da Milagrosa é levar a cabo o Plan ARI, que significa Área de Rehabilitación Integral.

En que consiste ese plan de rehabilitación?

É un plan de reconstrución de vivendas antigas no que se dan unha serie de axudas que teñen que ser solicitadas. Desta maneira, póñense en marcha accións para rehabilitar todas aquelas casas en mal estado que o precisen. Neste plan intervén a Xunta, o Ministerio e o Concello de Lugo

e, ademais, os veciños e veciñas do barrio teñen que poñer unha parte para reconstruír estas casas que o precisen e levar a cabo as actuacións necesarias. Iso é un tema que temos reivindicado dende fai moito tempo e é o que estamos a facer e o que máis nos urxe na actualidade.

Como considera que foi evolucionando o barrio da Milagrosa?

Considero que foi evolucionando positivamente porque se remataron varias obras pendentes. Nestes últimos anos acabouse a praza da Milagrosa, a nova praza de Agro do Rolo... O barrio vai indo ben, con algúns problemas que xurden pero vai indo ben.

Ademais diso, considera que habería que realizar algunha obra máis no barrio?

Non. Eu penso que o barrio tal e como está agora está ben. Houbo uns cambios de direccións de tráfico que en principio están indo correctamente e a atención en xeral ao barrio en canto a limpeza e a este tipo de cuestións que conveñen aos veciños e veciñas está funcionando ben. Actualmente eu creo que o que máis urxe e iso, atender esas casas en mal estado que hai dentro do barrio e que, ao final, son bastantes. Ao fin e ao cabo, a Milagrosa é un barrio con moita vida, con moito orgullo de si e que presumimos de ser de barrio.

Considera que o Concello ten en conta a Milagrosa?



Unha vista da remodelada praza da Milagrosa

Si, polas propostas que se teñen feito no barrio, considero que si. De feito, incluso se conseguiu un parking nun solar próximo á praza Agro do Rolo. Estamos tamén a ver se conseguimos algúns lugares máis onde se poida estacionar de forma libre porque si que é certo que ese é outro dos problemas que temos aquí na zona, o tema do estacionamento.

“Estamos a ver se conseguimos algúns lugares máis onde se poida estacionar de forma libre”

Entón tamén opina que o tema de estacionamento é un problema?

Si, o parking que se puxo a disposición dos veciños e veciñas foi unha solución parcial porque nun barrio hai moitísimas casas e, neste en particular, hai moitas que non teñen garaxe a causa

da súa antigüidade e por outras cuestións. Por iso, si que é certo que é un problema que temos na actualidade.

Que solucións se poderían levar a cabo para solucionar o problema?

Iso é unha cuestión difícil. Eu creo que, de xeito provisional, podería ser empregado algún solar baleiro que queda aínda por aí na zona. Por exemplo, na rúa Eloi Maquieira Arquitecto, preto da praza Agro do Rolo, hai algún solar que se podería empregar con este fin. Posiblemente se podería habilitar mentres non se constrúe algunha outra edificación. Para o tema de aparcadoiros non vexo unha solución clara ou definitiva ao problema.

A situación sanitaria da covid retrasou algún plan do Concello no barrio?

Si, considero que a covid foi algo que nos incidiu a todos. Aínda a día de hoxe nos incide tamén. Creo que houbo cousas que foron un pouquiño máis lentas ca se a situación fose outra. Isto foi algo que incidiu en todos nós.

NO ES EL PODER DE LAS PALABRAS,
ES EL PODER DE LA ACCIÓN

NUEVOS BMW IX & BMW i4 100% ELÉCTRICOS

Con los nuevos BMW IX & i4 podrás seguir disfrutando de la conducción BMW de siempre, asegurándote de que hay un para siempre. Al diseño, tecnología y prestaciones de BMW se le unen sus nuevos motores 0 emisiones para que, por mucho que te muevas, lo hagas sin dejar huella.

Lugauto

Ctra. Nueva de Santiago, km 2,1
Louzaneta, s/n
Tel.: 982 24 40 61
Lugo

lugauto.concesionariobmw.es

BMW i4: Consumo eléctrico WLTP en kWh/100 km (promedio): 16,1 - 22,6.
Emisiones de CO2 en g/km (promedio): 0
BMW IX: Consumo eléctrico WLTP en kWh/100 km (promedio): 19,3-21,4.
Emisiones de CO2 en g/km (promedio): 0

A UNED, galardoada con dous premios nacionais



Ana Belén Traseira e Carlos García, da UNED

O Observatorio Nacional ODS da UNED ven de fallar os premios ODS na Universidade, resultando galardoados dous proxectos do centro universitario lucense cunha contía de 6000 euros: PlanetaODS 2.0 e FOZ 2030.

As iniciativas premiadas están deseñadas no marco do proxecto #LugoNaturalMente dirixido por Ana Belén Traseira e Carlos García. Este proxecto arrancou na primavera do ano 2019 con unha tripla misión: a contribución e posta en valor do patrimonio natural da provincia, á loita contra o cambio climático e a divulgación da Axenda2030 da ONU.

Dentro da categoría de Centro Asociado, foi galardoada a iniciativa #PlanetaODS2.0 que presentou un extenso programa de iniciativas para a divulgación de efemérides medioambientais, sociais ou de vida saudable aliñadas coa Axenda2030. A precuela deste proxecto foi un referente de divulgación na provincia de Lugo alcanzando ás 50.000 visualizacións na rede.

MATRÍCULA. Xa está aberto o período de matriculación en Formación Permanente da UNED para o curso académico 2021/22. Este estenderase ata o 30 de novembro de 2021, mentres que o prazo extraordinario continuará até o 14 de xaneiro de 2022.

Ademais, tamén está aberto o prazo de matrícula para os cursos semipresenciais e en liña do Centro Universitario de Idiomas Dixital e a Distancia da UNED (CUID). Até o próximo 22 de outubro pódese facer a inscrición sen necesidade de posuír titulación académica algunha.

O CUID da UNED imparte 16 idiomas en distintos niveis: alemán, español, francés, inglés, italiano, neerlandés, portugués, árabe, chinés, esperanto, xaponés, Lingua de Signos Española, ruso, catalán-valenciano, galego e éuscaro. Dos cales, inglés, galego, chinés, portugués e alemán impártense no centro de Lugo. Todos os cursos seguen as directrices do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), nos que se traballan o catro competencias comunicativas, comprensión e expresión, oral e escrita.

O CUID, independentemente da modalidade de ensino (semipresencial ou exclusivamente en liña), organiza e desenvolve os seus programas nunha contorna virtual. A duración dos cursos para ambas as modalidades de ensino é de novembro a maio de cada curso académico, o que corresponde a 150 horas lectivas. Ata o 21 de outubro continúa aberto tamén o prazo de matrícula na UNED para estudos de Grao e Máster.

O profesor Antonio Rigueiro gaña o Premio Porteiro Garea da USC

“O galego é a miña lingua natural, o idioma propio de calquera neno da Galicia rural, polo que nunca supuxo ningunha dificultade para min ou seu uso”, salientou o catedrático do Departamento de Produción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría da USC Antonio Rigueiro, logo de recoller o IV Premio Luís Porteiro Garea á promoción e uso da lingua galega na institución académica, un galardón que recolleu ese xoves na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus de Lugo no marco dunha cerimonia presidida polo reitor da USC. Antonio López destacou na gala de entrega da cuarta edición do Premio Luís Porteiro Garea, un galardón creado en memoria da figura e do legado do profesor da Cátedra de Dereito Civil e membro das Irmandades da Fala. “A galegitude de Antonio Rigueiro e a súa relación co galego é indisoluble”, subliñou Antonio López, para logo abondar nos méritos colleitados por Rigueiro ao



O momento da entrega do premio a Antonio Rigueiro

longo da súa traxectoria como docente, investigador e tamén no seu labor de transferencia e divulgación científica.

O reitor da USC tamén se congratulou polo feito de celebrar a cerimonia de entrega do Premio Luís Porteiro Garea no Campus de Lugo, a cidade que viu nacer a Porteiro Garea en 1889 e na que tamén naceu o propio Antonio Rigueiro, a quen se referiu como “mestre e referente da

USC”.

O uso da lingua galega na USC e a necesidade de seguir a traballar para afianzar o emprego deste idioma tanto na docencia como na investigación, así como nas actividades de transferencia e divulgación, centraron outras das mensaxes manifestadas polo reitor da USC, que ve na lingua propia de Galicia “unha ferramenta necesaria” para conservar o auténtico significado das palabras.

Arroxo estuda con Cogami a accesibilidade de futuros proxectos



Os concelleiros nacionalistas, coa representante de Cogami

O tenente Alcalde do Concello de Lugo e responsábel da área de Mobilidade, Rubén Arroxo, xunto co concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas mantiveron unha xuntanza xunto con integrantes de Cogami para analizar os pasos a dar en canto a accesibilidade nas vindeiras intervencións do Concello de Lugo. O Tenente Alcalde explicou que “desde o goberno de Lugo traballamos para construír unha cidade amable coas persoas baseada nunha mobilidade alternativa que permita ás veciñas e veciños deixar o coche na casa”.

“No proceso de transformación

da cidade é preciso facilitar ao máximo a accesibilidade a todas as persoas con problemas de mobilidade”, declarou Rubén Arroxo. Os concelleiros escoitaron as necesidades que desde Cogami se trasladaron para mellorar a accesibilidade en Lugo, e puxeron en común os proxectos que a área de Mobilidade está a planificar. “Na planificación dos proxectos sempre temos en conta cuestións importantes para toda a veciñanza de Lugo, entre estas cuestións destacan a accesibilidade e a perspectiva de xénero para facer de Lugo un lugar amable e accesible”, explicou Rubén Arroxo.

CoGaVe anuncia mobilizacións pola suba da factura da luz

A Confederación Galega de Asociacións Veciñais Rosalía de Castro (CoGaVe) manifestaron o seu “malestar e indignación ante a subida reiterada e desproporcionada da luz en España, que semana tras semana alcanza récords históricos, onde o gran prexudicado é sempre o usuario —a quen nin sequera se lle deu a oportunidade de pronunciarse respecto diso”. Así mesmo, anuncia que convocarán mobilizacións a este respecto ante as administracións competentes.

Neste sentido, desde a CoGaVe matizan que en Galicia somos excedentarios en produción enerxética, “o que ben podería —e debería— traducirse en dispoñer dunha tarifa propia que así o recolla. Con todo, esta situación, lonxe de producirse, grava con inxusta e desproporcionada intensidade a máis de 11 millóns de consumidores en toda España —acolliados ao PVPC, Prezo Voluntario do Pequeno Consumidor— incluíndo, por suposto, as 4 provincias galegas”. Un dos puntos que máis indignación esperta, “é o feito de que o encarecemento no recibo da luz —que finalmente temos que abonar obrigatoriamente os consumidores— son os cargos e peaxes —destinados, entre outros fins, á promoción das enerxías renovables—, máis que o propio prezo da enerxía en si mesmo”.

Avda. Coruña, 83 - Esq. Tino Grandío, 1
Entlo. A - 27003 Lugo
Tño.: 982 216 989 - 644 558 659
correduria@ampelos.es

AMPELOS
CORREDURIA DE SEGUROS

MÁS DE 25 AÑOS ASESORÁNDOTE

Seguros Vivienda - Seguros de Automóvil
Seguros de Vida y Accidentes - Decesos - Salud
Seguros de Asistencia Sanitaria - RC - Comunidades - Pymes
Comercios - Seguros de Caza y Pesca - Seguros Agrarios
Seguros Retirada de Carnet de Conducir

“A fábrica está pensada para continuar despois da pandemia”

Eduardo Vázquez Río é o responsable de Vrio Pack e VP Mascarillas

A chegada da covid supuxo un duro revés para a economía mundial e tamén trouxo aparelado un problema grave de subministros médicos, cando de repente toda a poboación mundial tiña que poñerse máscara para protexerse do virus. Dende o minuto un a empresa luguesa Vrio Pack púxose mans á obra para comezar coa produción de máscaras e poder facer fronte a unha demanda que aínda non diminúe. Así naceu VP.

Cando comezou a actividade de VP e por que?

Nós empezamos co proxecto de máscaras o ano pasado no mes de abril aproximadamente. Comezamos con esta cuestión porque nos facían falta e non as podíamos conseguir para a empresa. Compramos unhas naves, as primeiras máquinas e materiais e sobre o mes de agosto xa fabricamos as primeiras máscaras.

Onde se atopa a empresa?

A empresa está na avenida Benigno Rivera, número 64, en Lugo. Esta avenida é a que vai dende a NVI á autovía.

Como foi evolucionando VP?

Nós montamos unha empresa pensada para seguir dende que se acabe a pandemia porque cando iso ocorra seguirá habendo moita xente que continúe consumindo este produto. Xa o había antes. Algún exemplo diso son os hospitais, os matadoiros, as fábricas de conservas e moitas outras empresas que xa consumían máscaras antes. A fábrica que montamos está pensada para continuar despois da



pandemia e, de feito, conta cunha sala branca para poder fabricar máscaras cirúrxicas 2R. Estas están, actualmente, certificadas pola Asociación Europea de Medicamentos e Produtos Sanitarios, algo que nos permite vendelas a calquera. Este tipo de máscaras cirúrxicas 2R son a máxima categoría que teñen as cirúrxicas e permítese vendelas tamén a hospitais. Ademais desas, temos dous modelos diferentes das máscaras EPI tipo FFP2; o modelo tradicional que ve todo o mundo en forma de “pico de pato” e o modelo Ari ou tamén chamado modelo coreano porque son as que máis se usan nese país, sendo ese, un dos países do mundo onde máis máscaras se usan. Todas as nosas certificacións e todo o que facemos está pensado par continuar, cunha maior ou menor produción segundo o demande o mercado.

En que destaca e cales son os puntos fortes da empresa?

Neste sentido hai que destacar os materiais que empregamos, que son os mellores que se poden conseguir no mercado, tanto en protección coma en filtro. De feito, tanto nas máscaras cirúrxicas coma nas FFP2 engadimos na parte exterior e interior polipropileno 100%, que impide que calquera salpicadura pase para dentro. A calidade é a nosa prioridade e sempre intentamos que todo o que facemos dea unhas garantías de compra totais á persoa que adquire o produto. Un exemplo diso son os peches das caixas de máscaras. Estas contan cunha lámina que garantiza á persoa que o compra que ninguén manipulou a máscara anteriormente. Hai que ter en conta que nós neste ámbito somos inexpertos dentro das empresas que levan 20 ou 30 anos. Sen embargo, queremos crecer e ir desenvolvendo diferentes cousas novas. Un exemplo disto é que nun futuro queremos intentar que a máscara que se faga sexa 100% biodegradable e compostable.

Cales son os principais clientes de VP?

Na actualidade fabricamos moitas máscaras para persoas que firman con outro nome. Aínda que teñan outro nome que non é o noso comercial -VP-, no apartado onde pon o fabricante, si que pon o noso nome. Nós fabricamos para estas empresas que se dedican posteriormente á venda destas máscaras e é por esta razón que poñen outro nome. Ademais diso, temos o noso propio mercado. Temos unha tenda nas propias instalacións da fábrica onde vendemos ao públi-



Eduardo Vázquez Río, na empresa

co. Xunto a iso, temos unha gran cantidade de consumidores finais: hospitais, fábricas de automóbiles, de conservas, de aluminio, matadoiros, etc.

“Actualmente a capacidade de produción non nos permite saír a vender ao estranxeiro”

Onde reparten os seus produtos?

Agora mesmo, a capacidade de produción que temos non nos permite saír ao estranxeiro, polo que vendemos o 100% dos nosos produtos en España. De feito, estamos instalando agora mesmo seis liñas de produción novas para a venda nacional de cirúrxicas. En España montáronse moitas empresas para fabricar máscaras, sen embargo, na súa maioría son para FFP2 xa que para fabricar este produto non é preciso ter sala branca. Polo tanto, a inversión que hai que facer para montar unha fábrica de máscaras FFP2 é moito menor que

para fabricar máscaras cirúrxicas onde as esixencias son maiores. Por esta razón, en España tan só existen sobre sete ou oito empresas que fabriquen máscaras cirúrxicas. Tamén hai que destacar que o consumo de estas na actualidade é moito maior, véndense 10.000 cirúrxicas por cada 2 ou 3 FFP2.

Cales son os plans de futuro da empresa?

Nós témolo moi claro. Actualmente, temos máscaras cirúrxicas para os máis pequenos e para adultos, temos os dous modelos de FFP2 e imos sacar ao mercado un terceiro modelo de estas e máscaras EPI tipo FFP3, que son unhas máscaras específicas para hospitais. Así mesmo, cando esta situación acabe, que nós somos os primeiros que temos interese niso, faremos diferentes tipos de máscaras para cada sector, en función das esixencias concretas que se teñan. Ese é o noso obxectivo para ir entrando pouco a pouco neses sectores para vender máscaras. Nese momento, ademais, o consumo xa será máis relaxado e poderase ir entrando no mercado exterior, así coma ir evolucionando pouco a pouco.

GEOCLIMA ST
CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION

SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO

REFRIGERACIÓN

CALEFACCIÓN

SOLAR TÉRMICA

BIOMASA

Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo

982 814 147 / 636 462 063

www.geoclimast.com

¡Hay una manera más sencilla de NO OLVIDAR NADA!!!

¡Nuestras AGENDAS!

Tenemos una gran variedad y cantidad de modelos. ¡Seguro que encuentras la ideal para ti!

Librería Troll

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500

info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Síguenos en

Levan á Fiscalía o proceso selectivo dos inspectores de Policía

O Concello de Lugo leva á Fiscalía o proceso selectivo aberto para cubrir sete prazas de Inspector da Policía Local mediante promoción interna tras ter coñecemento do informe que foi presentado pola presidenta do Tribunal destas oposicións, maxistrada de profesión.

A convocatoria constaba de dous exercicios, un de tipo test e un suposto práctico. O exame tipo test constaba de dous bloques de preguntas, un correspondente a dereito penal e procesual penal – preparado pola presidenta do Tribunal – mentres que o resto das preguntas e os supostos prácticos foron elaborados polos tres vogais do Tribunal (dous policía locais de fóra de Lugo e un policía nacional). Na primeira das probas (exercicio tipo test) aprobaron á totalidade dos catorce axentes presentados e, na segunda (exercicio práctico), foron cualificados como aptos oito dos catorce.

Pero, segundo advirte a presidenta do Tribunal no seu escrito, conformado polo secretario dese Tribunal, tras unha revisión do expediente, se observan “certas coincidencias patentes nas respostas dalgúns supostos prácticos entre



eles e coa plantilla de resultados correctos do Tribunal”, plantilla que é a que contempla a solución do exercicio e que serve para a súa corrección. En concreto, a maxistrada fala de “catro aspirantes que son os que obteñen as mellores puntuacións”.

Así mesmo, tras comprobar tamén as respostas da proba tipo test de cada axente, a presidenta informa de que “se detecta, novamente, que os mesmos catros aspirantes que obtiveron mellores resultados no suposto práctico tamén obteñen os mellores resultados no exame tipo test, pero coa particularidade de que unicamente ou moi maioritariamente fallan as respostas do bloque de preguntas de dereito penal, acertando integramente o resto das 89 preguntas”.

Tomé lidera a lista do PSOE provincial para o congreso federal

O presidente do PSdeG na provincia de Lugo, presidente da Deputación e alcalde de Monforte de Lemos, José Tomé Roca, deu a coñecer este xoves as persoas que conforman a delegación lucense que representará ao partido no Congreso Federal que se celebrará en Valencia entre os días 15 e 17 de outubro para revalidar a Pedro Sánchez como secretario xeral dos socialistas.

José Tomé fixo pública a lista no día de hoxe, despois de que a súa candidatura fose a única proclamada na provincia e unha vez recollidos e presentados os avais necesarios. O presidente provincial dos socialistas lidera unha lista de 12 delegados, 6 homes e 6 mulleres, “unha lista paritaria, en cremalleira, que é representativa do Partido Socialista na provincia, tanto no plano institucional, como orgánico”, subliñou Tomé Roca. “Esta delegación é un bo retrato do que representa a día de hoxe o socialismo na provincia de Lugo, un partido que ten unha gran presenza e forza no territorio, que goberna na Deputación, e que goberna ou cogoberna en 31 concellos, que aglutinan a máis de 211.000 habitantes, o 65% da poboación. Un partido que, tanto dende responsabilidades de xestión, como tamén dende a opo-



José Tomé, cabeza de lista e presidente da Deputación

sición, traballa para mellorar a vida dos veciños e veciñas, para que teñan mellores servizos públicos e para xerar actividade económica e emprego”.

A lista de delegados e delegadas que representará ao PSdeG provincial no 40º Congreso Federal é a seguinte. De número 1, José Tomé Roca, presidente provincial do PSdeG, presidente da Deputación e alcalde de Monforte. De número 2, Lara Méndez López, alcaldesa de Lugo, o 3 será Francisco Cajoto Caserio, alcalde de Foz, de número 4, Patricia Otero Rodríguez, secretaria provincial do PSdeG de Lugo e deputada autonómica. O número 5 será o presidente da CHMS, José Antonio Quiroga Díaz, que tamén é secretario de organización. A número 6 será Pilar García Porto, voceira

na Deputación, deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, e voceira no Concello de Antas de Ulla. Xosé María Arias Fernández, alcalde de Castroverde e deputado provincial de Cooperación e Asistencia aos Concellos será o 7. A número 8 será María Loureiro García, alcaldesa de Viveiro e Deputada provincial de Muller e Igualdade, o 9 José Luis Raposo Magdalena, alcalde de Pedrafita do Cebreiro e deputado provincial de Medio Ambiente, o 10 será Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa de Guitiriz, o 11 será Iván Castro Díaz, voceiro do PSdeG no Concello de Paradela e a número 12, Ana Prieto Nieto, deputada no Congreso dos Deputados. Como suplentes figuran, Silvia Rodríguez Díaz e Eduar-do Vidal Baamonde.

O publico escolle ‘Entre nosotras’ como gañadora do festival de Cine

A Semana de Cine de Lugo rematou a súa 43 edición cunha gala na que se repartiron os diferentes premios que concede tanto o xurado como o público. Neste último grupo o primeiro premio á Mellor Película da Sección Oficial foi para Entre Nosotras, (Francia, 2019) de Filippo Meneghetti, que obtivo 2,59 puntos.

A puntuación do público para o resto das películas presentadas foi para Surcos (España, 2020) de Julio Mazarico (2,46 puntos); La Casa de los conejos (Argentina, 2020) de Valeria Selinger (2,37 puntos); Martín Eden (Italia, 2019) de Pietro Marcello (2,31 puntos); El arte de volver (España, 2020) de Pedro Collantes (2,18 puntos), e Almas rotas (México, 2020) de Juan Pablo Arroyo Abraham (1,57 puntos).

Ademais, o Premio do Público á Mellor Película Galega foi para Dorrothe na Vila (Galicia, 2020) de Alejandro Gándara e Olaia Tubio mentres que a Mellor Curtametraxe

recaeu en Migrants (Francia, 2020) de Antoine Dupriez, Aubin Kubiak, Lucas Lermytte e Zoe Devise.

Pola súa banda, o xurado concedeu o premio á Mellor Película do Cine de Nacionalidades a Ecos (España, 2020) de Tommy Llorens. O de Mellor Película Documental foi para O Gran Camiño (España, 2021) de Alba Prol e Raul García.

MENCIONS ESPECIAIS. A Organización e o Xurado da XLIII SECILUGO (Semana de Cine de Lugo) concederon varias mencións especiais polo tratamento dos temas. Así, foron premiados Sergio da Veiga (Galicia, 2021) de Manuel Lucas Mariño; Somos Cárcere (Galicia, 2021) de Irene Pin; Casa Bonita (Galicia, 2021) de Paula Amor; Cineris (Galicia, 2020) de Carlos Quirós; E se non é covid? (Lugo-Galicia, 2021) de Antonio Lence Castro; Habitar el Tiempo (España, 2020) de Xavi Guerrero; Trenes que van al mar (Reino Unido-España, 2020) de

Hugo Obregon e Manuel Alvarez; Era yo (España, 2019) de Andrea Casaseca; Checkpoint (Portugal, 2019) de Julia Kalavainen; Roberto (España, 2020) de Carmen Córdoba González; The Wick (Reino Unido, 2021); Der Wachter (Austria, 2020) de Albin Wildner; Tierras Construídas (España, 2019) de Arturo Dueñas; Rust (Polonia, 2020) de Rafal Malecki; Las cosas donde ya no estaban (Argentina, 2021) de Favio Vallarelli; Encuentro (Mexico, 2019) de Ivan Lowenberg; Mapa de los sueños latinoamericanos (Argentina, 2020) de Martin Weber; La danza de los mundos (España, 2021) de J.J. Machuca, La Desvida (España, 2020) de Agustín Rubio Alcover; El vestido de novia (España, 2021) de Enrique Muñoz; No quiero más (España, 2020) de Alicia Moncholi Lueje; Canción sin nombre (Perú, 2019) de Melina León, e El alma del silencio (México, Irlanda, Inglaterra, 2020) de Emir Luciano e Tlachi Sandoval.

Nerea Fernández e Olga Vallejo, premios Rafael Crecente



Os Premios Rafael Crecente a Propostas Innovadoras de Xestión Territorial, promovidos polo Iba-der do Campus Terra da USC para impulsar entre os titulados universitarios a formulación e aplicación práctica de ideas innovadoras relacionadas co desenvolvemento rural, distinguen na súa cuarta edición as candidaturas presentadas por Nerea Fernández Canto e Olga Vallejo López.

Nerea Fernández Canto acadou o primeiro dos galardóns dotado cunha gratificación en metálico de

2.000 euros, ademais de diploma acreditativo, co traballo *Verificación dun sistema que garanta a orixe das fariñas e do pan de trigo autóctono de Galicia mediante o uso de marcadores moleculares e técnicas microscópicas*.

A segunda candidatura máis valorada foi *Proposta de proxecto permacultural: Espiral Crecente*. A autora desta proposta, Olalla Vallejo López recibirá como agasallo unha gratificación en metálico de 1.000 euros, ademais de diploma acreditativo.

“Xa se poden reservar os pedidos para a campaña de Defuntos”

Esther Rozas é a propietaria de Rose Flor, floristería situada en San Roque

Rose Flor é unha das floristas con máis renome da cidade. Encóntrase situada na comercial rúa San Roque, no baixo do número 173. A súa propietaria é Esther Rozas, e xa está en plena preparación do Día de Defuntos unha das principais citas anuais para o sector da flor.

Esther, canto tempo leva Rose Flor ofrecendo os seus servizos de florista en Lugo?


Comecei fai 28 anos, a idea surxeu porque xa fixera cursos e traballara no sector. Este mesmo mes de outubro fai 28 anos para ser exactos.

E sempre estiveches en San Roque, nesta mesma dirección?

Non, o primeiro local estivo na Praza do Rei, logo cambiámonos para un local ao lado de este e dende fai 10 anos si que mantemos este mesmo baixo. O motivo deste cambio foi que nos trasladamos a un local máis amplo co cal temos unha exposición e unha capacidade de almacenar mercancia moi ampla co cal facilitáanos o traballo de cara as campañas máis importantes do ano.

E durante estes 28 anos, o mercado mudou as súas demandas ou observas cambios nas peticións dos clientes?

Cambiou moito o mercado e no último ano aínda máis. Hai cousas que se demandan igual, temos a flor natural, flor artificial e os seus complementos coma macetas, terra. O que vimos dende o confinamento foi un aumento da demanda de plantas. Penso que a xente con isto da Covid precisou estar rodeada de natureza e o confinamento



fixo que aumentara o consumo de plantas, tanto de exterior coma de interior. Tamén se regala moita planta e flor, en Europa utilízase moito como regalo, aquí menos pero si que vexo que nestes anos está aumentando. Persoalmente paréceme un regalo precioso, ogallá se inculque esa moda de regalar flor e plantas.

Crees que se chegaron a utilizar como terapia antiestrés?

Creo que si, a xente para máis tempo na casa e valora tamén ese entorno tan próximo. Xente que me dicía que non era de ter plantas e que pensaba que non ía dárselle ben e agora están moi contentos, incluso para compartir actividades cos nenos que o pasan xenial aprendendo a plantar, a coidala, a vela medrar, desfrutar das súas cores e presenza...

Cal sería o teu consello para eses xardineiros máis novos?

Pasámonos regando moitas veces,

temos medo que nós seque e regamos de máis, tamén recomendo que non reguen coa auga clorada, e dicir, que a collan o día anterior para que o perda e pouco máis. Agora para esta tempada de outono poden plantar moitas especies de feito nós dispoñemos de bulbos de tulipáns, xacinto, narcisos, freesia, ranúnculo, fritilaria, amarilis... Que pregunten sen medo que os asesoraremos en función de cada época do ano.

Pero por outro lado eses peches perimetrais e o confinamento tamén fixeron case que desaparecer algunha das mellores campañas do ano, non si?

Claro! Os eventos coma vodas, bautizos, comuñóns case desapareceron, os enterros cambiaron a súa forma de celebrarse, se non podías saír da túa casa ou do teu concello minguaron as visitas aos cemiterios e tamén a compra de flor e plantas para esas necesidades. Así mesmo co peche perimetral en Defuntos quedamos moi coxos nesa campaña tan importante para nós. Este ano estamos recuperando estas actividades novamente.

Cal é a campaña que tedes agora mesmo?

Estamos xa en plena campaña de Defuntos. De feito os clientes xa poden solicitar os seus encargos. Debemos advertilos que moita das flores desta campaña proveñen de América e debido as malas campañas do ano pasado esta tempada deixaron de cultivar moitas miles de hectáreas co que prevemos que poda ter problemas de subministro o sector. Por iso animamos aos no-



Unha vista da tenda e un detalle dun dos seus traballos

sos clientes a que non retrasen os seus pedidos para evitar posibles problemas.

Que piden os clientes para esta ocasión?

Sobre todo centros, tanto de rosas coma crisantemos, lirios e todo tipo de flores. Temos moita variedade en flor natural para adaptarnos a cada cliente. Aínda que dixeran antes que recomendamos reser-

var, porque así podemos facer as encargas a medida de cada cliente, pero igualmente imos facer un número importante de centros e moita xente que viaxa chega e encontra un e como temos a vantaxe de ter unha tenda moi grande vou ter un bo número deles preparados. Estes últimos anos funcionou moi ben, é por iso que mantemos a tenda neste local porque nós permite ter marxe de manobra.

Salud Bucodental

Girugía Dental

Estética Dental

Implantología

Ortodoncia

Odontopediatría

Mosquera Otero
CLÍNICA DENTAL

Te damos una razón para sonreír

No dudes en hacernos una visita y comprobar lo que podemos hacer por ti.

Prueba nuestros tratamientos

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32
info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

Curso sobre Fracasar coa cabeza allea

A asociación de jóvenes empresarios ou AJE organiza un curso sobre *Fracasar coa cabeza allea*, que se celebrará o 13 de outubro. Será no local do CEI Nodus, e para participar haberá que poñerse en contacto co teléfono 982 224 699 ou no email info@ajelugo.com. Así mesmo, organiza outra serie de cursos ao longo destes meses como o día 19 *Novas formas de venda baseadas na neurociencia*. Xa en novembro o día 2 será o de *Responsabilidade social para autónomos e pemes*, o día 16 *A xestión das relacións exteriores da empresa e a negociación efectiva*, e o día 30 *Entre o liderado e a autoxestión para a mellora da produtividade*.

Xornadas sobre a atención a maiores

Abre un foro de debate sobre a situación das persoas de maior idade tras a pandemia e sobre como debería abordarse a súa atención desde distintas disciplinas tendo en conta os trastornos causados neste tempo. Este foro serán as II Xornadas de Traballo na Atención Sociosanitaria a Persoas Maiores. O encontro ten como obxectivo mellorar a coordinación dos recursos das diferentes administracións para efectivizar as prestacións e servizos públicos así como dar visibilidade a unha realidade que afecta no día a día aos nosos maiores tanto no ámbito sanitario como no familiar. A segunda edición destas xornadas será os días 1 e 2 de outubro, no Auditorio do Vello Cárcere.



Cursos da asociación Cantigas e Frores

A asociación cultural Cantigas e Frores de Lugo abriu o prazo de matrícula para o curso 2021/2022. Así, poderase formalizar a matrícula escribindo ao correo electrónico antigasefrores1948@gmail.com ou chamando ao teléfono 649 421 507. Os alumnos do curso pasado formalizarán a matrícula cunha confirmación ao seu mestre. Haberá aulas de gaita, percusión, canto tradicional, baile tradicional, acordeón, requinta e zanfona.

“Gustaríame clasificarme para o campionato de París 2022”

Isaac Vide acadou recentemente o podio do campionato Fittest of Spain

Isaac Vide é director técnico e adestrador no centro Taico de Lugo. Ademais, quedou recentemente no podio do campionato Fittest of Spain.

Cando comezou a súa paixón polo deporte?

Levo dedicándome ao deporte toda a vida. Fixen deporte dende pequeno e actualmente é o meu traballo, polo que me levo en isto dende os 18 anos. De feito, adestrando en ximnasios levo dende os 15 anos.

Cantos anos fai que comezou co Crossfit?

Levo 6 anos practicando o deporte de crossfit como tal. Sen embargo, si que é certo que levo adestrando forza e movementos funcionais dende fai máis tempo.

Anteriormente fixo outros deportes?

Si, xoguei ao fútbol dende pequeno ata os 19 anos, que o deixei porque estaba traballando nun ximnasio. Ao final, por incompatibilidade horaria e por medo a lesionarme e non poder traballar, deixei o fútbol e centreime plenamente no traballo.

Fai pouco quedou no podio de Fittest of Spain, que significa isto para vostede?

É o froito de moito traballo a longo prazo, de moitos anos dedicándome especificamente ao crossfit e de toda a vida adestrando. O crossfit é un deporte moi sacrificado que require, se queres competir, moito tempo ao longo da semana xa que son moitas cousas as que hai que adestrar. Ao final, o crossfit é un deporte no que se adestra todo, dende resistencia cardiovascular, forza ou traballo co teu propio peso corporal. Por iso, integra tantos tipos de movementos e de capacidades físicas e, a consecuencia diso, sempre che queda algo por traballar. Non hai tempo suficiente durante a semana para poder adestrar todo o que é preciso. Por esta razón, é unha gran satisfacción que todo o traballo realizado con anterioridade se traduza en eses resultados.

En que consisten este tipo de competicións?

Cada competición de crossfit o que trata de buscar é a persoa máis en forma de esa competición. Para iso, o que fas é enfrontarte a varias probas que sabes con pouca anterioridade. Si que é certo que, cando compites, si que sabes máis ou menos os exercicios que adoi-



Isaac Vide nunha das probas

tan caer máis en competición, pero nunca sabes como se van a combinar, o número de repeticións, etc. Para facerse unha idea, un evento pode englobar unha determinada tarefa por tempo ou nun determinado tempo completar as máximas cantidades de rondas dunha determinada secuencia de exercicios. Ao final, sempre loitas contra o tempo e contra ti mesmo.

Adoita competir neste tipo de eventos?

Si. Eu intento facer sempre tres ou catro competicións ao ano. Gústame porque son unha persoa competitiva e, de feito, fágoo sobre todo por autoexigencia e autosuperación.

Que consello lle daría a unha persoa que vai empezar nesta disciplina?

Sobre todo, que teña paciencia. A peor inimiga deste deporte para a súa aprendizaxe son as presas. É dicir, a xente moitas veces ve a persoas que levamos moito tempo executando e que, aínda así, sempre che faltan cousas que aprender e sempre intentas probar en competicións algún tipo de movemento novo para que ti apliques o teu estado de forma a un determinado movemento ou a algo complexo. Moita xente novel que se inicia ve que se moven grandes pesos ou que se fan determinados exercicios complexos e quere chegar rapidamente a ese tipo de movementos. Sen embargo e, a pesar de que é un deporte que se basea moito na autoexigencia e na autosuperación, hai que ter paciencia porque as presas poden levarte a que te lesiones ou a coller malos hábitos que despois son difíciles de eliminar.

Que destacaría deste deporte?

En xeral sempre hai moi bo ambiente entre os competidores e é un ambiente moi san. Todos nos vemos coma compañeiros aínda que nos enfrontemos cara a cara na competición. Sempre hai bo rolo entre nós porque, ao final, o que fas é probarte a ti mesmo e testar o teu estado de forma.

Actualmente é adestrador no centro Taico, que é o que máis lle gusta deste traballo?

O feito de poder axudar á xente a mellorar o seu estado físico e, con iso, o seu estado de saúde. Ademais, é unha forma de conseguir cambiar os seus hábitos de vida por uns que sexan máis saudables. Desta maneira, podemos conseguir que a xente gañe en saúde, que estea mellor consigo mesma e que sexa máis feliz.

Que proxectos de futuro ten a nivel competitivo?

A nivel competitivo gustaríame clasificarme nun campionato que hai o ano que vén en París. Ademais, quero facer algún podio a nivel nacional e intentar, se o tema da covid permite, moverme máis a nivel internacional. Antes da pandemia estaba comezando con isto pero ao parar todo, levamos un ano e pico sen competir. Agora parece que xa se comeza a mover todo un pouco.

E a causa da covid, puido continuar coa súa rutina deportiva?

Ao final, o centro Taico é un espazo que rexentamos a miña muller máis eu polo que, ao ser o noso traballo, podíame mover case todos os días para adestrar e para enviarlle aos nosos clientes material audiovisual para que puideran adestrar dende



as súas casas. Por esta razón, case se pode dicir que adestraba case normal.

Ademais disto, vostede especializouse en nutrición deportiva, como considera que inflúe a alimentación na práctica deportiva?

Ao final a alimentación si que é certo que é unha parte moi importante, sen embargo, o máis importante é o tipo de adestramento que leves. Eu outorgaría un 70-30 a favor do adestramento. Aínda así é evidente que a alimentación é moi importante. Xa a nivel usuario controlar a alimentación vai facer que rendas mellor. A nivel competitivo axuda a que os procesos de recuperación sexan máis rápidos, que non teñas problemas nas dixestións e que non te limiten no seguinte adestramento. Ademais e, a pesar de que dixeran que é máis importante o adestramento, a alimentación inflúe directamente nel, pois é o aporte para poder render ben. É a gasolina que tomas polo que, se o combustible é malo ou mediocre, o rendemento verase prexudicado. Se o teu obxectivo é ambicioso a nivel rendemento, teñen que ir da man. Se tes obxectivos coma baixar peso ou incremental, é fundamental.

Considera que na actualidade a sociedade comezou a valorar máis a práctica deportiva e este tipo de disciplinas?

Si, eu creo que a xente é máis consciente de que, polo noso traballo, que cada vez é máis sedentario, e os nosos hábitos de vida en xeral, é preciso coidar máis a alimentación e intentar moverse un pouco máis. Eu penso que a xente tomou conciencia nisto e que cada vez, a xente se inicia máis na práctica deportiva. A nós pásanos que cada vez temos máis xente de mediana idade que se inicia en este mundo e que leva ao mellor sobre 20 ou 30 anos se facer actividade física. E comezan agora porque ven que é preciso, que cada vez están máis cansos, que teñen pouca enerxía, que subiron de peso e que lles doen partes do corpo que antes non lles doían. Ao final, o corpo está deseñado para moverse e o feito de non facelo fai que existan unhas sensacións incómodas que non queremos ter. Practicar actividade física pode prever eses males que o ir cumprindo anos nos vai ocasionando.

zona rural

Ameaza dos gandeiros con sacar os tractores á rúa ante a subida da produción do leite

A asociación de gandeiros e gandeiras Agromuralla, que reúne a centos de gandeiros das provincias de Lugo e A Coruña, ameaza con saír cos tractores á rúa ante a “situación insostible” que viven os produtores de leite como consecuencia da “suba desmesurada” dos custos de produción. “Este ano, desde o mes de xaneiro, o que nos custa producir disparouse, coas subas actuais no recibo da luz e o gasóleo e o incremento que se está dando nos pensos e as materias primas, pero o que nos pagan polo leite non se moveu e non nos dá para pagar os gastos, polo que estamos perdendo cartos todos os meses”, asegura o presidente de Agromuralla, José Luis Pérez Barreiro, que esixe ás Administracións “medidas urxentes inmediatas para garantir un prezo digno e xusto aos produtores de leite que evite o peche das explotacións”. O novo presidente de Agromuralla vén de solicitar unha reunión coa subdelegada do Goberno para que traslade cal é a situación ao Ministerio e advirte de que “se non se toman medidas os tractores saíran á rúa porque a situación é insostible”.

PREZO DO LEITE. A asociación Agromuralla, que xurdiu a raíz das tractoradas arredor da Muralla de Lugo levadas a cabo a finais de 2015 en protesta polos baixos prezos do leite, explica que “o prezo do leite leva anos conxelado mentras os custos de produción non deixaron de medrar, especialmente neste último ano” e lembra que “a Ley da Cadea Alimentaria aprobada polo Ministerio de Agricultura obriga a que os prezos en orixe dos alimentos se adapten ao que custa producilos”.

A Xunta de Goberno Local aproba obras en tres parroquias

O Concello de Lugo iniciará obras de mellora viaria nas redes de accesos municipais no rural, concretamente en Prógalo, Vilachá de Mera e Poutomillos, nas que se investirán 141.262 euros, obras que foron aprobadas en Xunta de Goberno Local.

As actuacións, enmarcadas no Plan Único, están destinadas a mellorar o firme da LU-P-2903, en Prógalo, adxudicada por 31.162 euros, así como a rexenerar o pavimento na LU-P-2903 ao Rego de Mera, na parroquia de Vilachá de Mera, onde se investirán 51.731, e a optimizar os firmes na LU-P-2901 en Poutomillos, contratada por 58.369 euros. Todas as obras terán un prazo máximo de execución dun mes.

Estas execucións completan as aprobadas aprobados na Xunta de Goberno Local da semana pasada, para actuar nas estradas de Camoira, Tirimol, Pedreda, estrada entre Conturiz a Cardoso, Corral de Abaixo, San Pedro de Mera, Burgo, Galego e Bascuas. Tamén se está a traballar en obras en Pías, Tirimol e Piugos.

A Xunta de Goberno tamén aprobou a adxudicación a Torsa Capital do servizo de intermediación financeira e xestión do fondo emprendedor municipal de 12 millóns de euros da Estratexia Lugo Transforma, no seu compromiso de transformación do tecido produtivo da cidade, hoxe moi dependente do sector servizos, co fin de diversificar a industria e crear novas oportunidades de emprego vinculadas a sectores de alto impacto social e ambiental.

PIAS. Comezaron os traballos de acondicionamento de dúas estradas municipais na parroquia de Pías, que



Traballos nas vías de Pías

parten da intersección da estrada provincial LU-P-3907 e discorren polos núcleos de Fafián e O Corral de Abaixo.

Estas tarefas consisten na reposición do firme con aglomerado en quente, a limpeza de cunetas para facilitar a circulación das augas e a adaptación dos rexistros existentes á nova rasante do camiño. A maiores destas obras, tamén se mellorará unha estrada municipal en Tirimol, no núcleo de Seivane, que discorre xunto a Igrexa, e outra no núcleo de As Tabernas, en Piugos.

Todas estas actuacións, que contan cun orzamento de 72.794,49 euros, achegados a través das baixas obtidas nas licitacións das actuacións realizadas con cargo ao Plan Único do ano 2020, realízanse para mellorar a seguridade viaria e dar resposta así ás peticións que realizou a veciñanza destas parroquias.

Dende o Concello destacan que se trata de actuacións “moi necesarias, que beneficiarán principalmente aos veciños e veciñas que utilizan as vías

municipais a diario para efectuar os seus desprazamentos”.

TIRIMOL. Comezaron os traballos de acondicionamento dunha estrada municipal na parroquia de Tirimol, no núcleo de Seivane, concretamente a que discorre xunto á Igrexa. Estas tarefas consisten na reposición do firme con aglomerado en quente, a limpeza de cunetas para facilitar a circulación das augas e a adaptación dos rexistros existentes á nova rasante do camiño.

A maiores destas obras, tamén se melloraron dúas estradas municipais en Pías, que parten da intersección da Estrada Provincial LU-P-3907 e discorren polos núcleos de Fafián e O Corral de Abaixo. Esta mesma semana realizaranse obras noutra situada no núcleo de As Tabernas, en Piugos.

Todas estas obras, que contan cun orzamento de 72.794,49 euros, achegados a través das baixas obtidas nas licitacións das actuacións realizadas co cargo ao Plan Único.

Cidadáns urxe o arranxo dos camiños da Tolda de Milleirós, en Meilán

A portavoz municipal de Cs, Olga Louzao, denunciou o abandono no que se atopa a parroquia de Santiago de Meilán na zona norte do municipio. “Trátase dunha zona periurbana que presenta unhas características únicas para o uso residencial pola súa localización nas inmediacións do río e a súa proximidade á cidade. Con todo este potencial foi marxinado polo Goberno local, que non contribuíu en máis de 20 anos ao desenvolvemento sostible desta zona. Meilán ilustra á perfección o estado no que se atopan a maior parte das nosas 54 parroquias, onde o PSOE se ha dedicado a poñer puntos de luz baixo pedido e asfaltar camiños por encargo. O resto de políticas non existiron ata crear un Lugo de dúas velocidades don das zonas rurais viven con décadas de atraso e o despoboamento continúa en forma de goteo constante pola alarmante falta de servizos”, asegurou a portavoz.

“Preocúpanos de especial maneira a Tolda de Milleirós. Este espazo comprendido entre a zona industrial da N-VI e o paseo de Ombreiro atópase nun estado preocupante. Carece de iluminación pública, existen unha longa relación de faltas de seguridade viaria ao non contar apenas con sinalización tanto vertical como horizontal e o firme atópase nun estado deplorable. É inasumible que a escasos 300 metros da zona urbana do municipio obsérvese semellante nivel de abandono. É digna dun escenario postapocalíptico”, manifestou a edila.

Louzao urxe o deseño dun plan director encamiñado a mellorar o estado das parroquias do municipio ao longo dos próximos anos.

LUGOCOPIA

Imprime desde casa y recoge en tienda

www.lugocopia.es

Praza de Augas Férreas, 2 - Baixo
27002 Lugo (Lugo)
982 220 721 - info@lugocopia.es

ACTIVA TUS CHAKRAS
conecta con tu cuerpo

7 Chakras - 7 Meses - Clase presencial

1 sesión presencial

- Características y funciones
- Activación de la energía
- Respiración, yoga y danza
- Flora de Bach
- Aromaterapia
- Gemoterapia
- Alimentación y tisana

Noviembre - Mayo
2ª sesión de cada mes 10:00 - 14:00h.
¡Seguimiento durante todo el curso!

Ikigai
Centro Holístico

696 62 96 96
Av. de Madrid, 42 - Lugo

Novo plan de tráfico do centro histórico

A Comisión de Tráfico presentou a reorganización da mobilidade que deixa a Lugo dividido en 5 zonas en lugar das oito que había

A Comisión de Tráfico fixo unha reorganización integral da mobilidade no casco histórico co obxectivo de “acadar novos itinerarios e accesos máis eficientes e, polo tanto, que permitan reducir os niveis de contaminación nunha zona que abrangue os tres Patrimonios da Humanidade”. Estes cambios aplicaranse unha vez que finalice a colocación das novas cámaras de acceso a través da lectura de matrículas e comece a funcionar o sistema, pero de inicio se aplicarán durante un período de proba. O novo sistema de acceso implicará a substitución dos bolarados retráctiles actuais por cámaras de lectura das matrículas, que tamén incorporarán de maneira automática o expediente sancionador de quen incumpre para evitar a picaresca actual. Os permisos de accesos manteranse como até agora cos residentes, preto de 3.000 existen na actualidade, así como cos vehículos de carga e descarga e os permisos especiais. O Concello estudará todas as diferentescasuísticas para darlles resposta.

NOVAS ZONAS. O centro histórico de Lugo pasará a dividirse en 5 zo-

nas, en lugar das 8 establecidas ata o momento, coas súas correspondentes zonas e horarios de carga e descarga. Estes quedarían de 7.00 a 11.00 horas e de 15.30 a 17.30 horas (antes eran de 8.00 a 12.00 horas e de 15.00 a 17.00 horas), co obxectivo de que as rúas queden liberadas de camións nas horas de maior tránsito peonil. Respecto ás zonas de carga e descargas, mantense as actuais, pero se engaden dúas máis: Lois Peña Novo e Rúa Nova, a carón da zona axardiñada do Museo.

ZONA 1
Ámbito: Rúas da Raíña, Progreso, Xoa Montes, San Pedro, Nóreas e Carril dos Carteiros.
Acceso: Rúa Progreso
Saída: Rúa Progreso

ZONA 2
Ámbito: Rúa San Froilán, Rúa Nova (tramo Porta Nova – R/ Montevideo) e Amor Meilán.
Acceso: Rúa San Froilán/Quiroga Ballesteros
Saída: Rúa San Froilán/Rúa Quiroga Ballesteros/Rúa Nova.



ZONA 3
Ámbito: Rúa Bispo Aguirre, Praza Maior, Praza de Anxo Fernández Gómez, Praza e Rúa Campo Castelo, Praza Pío XII, Rúa Cregos, Rúa Catedral, Praza Fernando Casas Novoa, Praza de Santa María, Bispo Basulto,

Rúa da Cruz.
Acceso: Rúa Vilalba-Tramo peonil Ronda e Porta de Santiago
Saída: Rúa Vilalba-Tramo peonil Ronda e Porta do Campo Castelo

ZONA 4
Ámbito: Rúa Tinería, ámbito Porta

Miñá, Rúa do Miño, Rinconada do Miño, Rúa Nova, Praza do Campo, Praza e Rúa da Soidade, Carril dos Fornos, Rúa María Balteira, Rúa do Moucho, e Rúa Falcón.
Acceso: Porta Miñá (María Balteira por R/ Montevideo)
Saída: Porta Miñá/Rúa Montevideo

ZONA 5
Ámbito: Rúa Quiroga Ballesteros (Tramo Bolaño Rivadeneira – Praza de Santo Domingo), Fondo da Praza de Santo Domingo, Praza de Antón Fraguas, Praza da Soidade, Carril do Mercado, Carril do Son, Tuñas Bouzón, Rúa Doutor Castro, Rúa Conde Pallares, Praza Armañá, Rúa Lois Peña Novo, Rúa San Marcos, Canella da Deputación e Carril dos Romanos
Acceso: Praza de Santo Domingo, Praza do Ferrol (San Marcos e anexas) e Rúa Quiroga Ballesteros (residentes no tramo entre Bolaño Rivadeneira e Carril do Son)
Saída: Praza de Santo Domingo, Praza do Ferrol (San Marcos e anexas) e Rúa Quiroga Ballesteros (residentes no tramo entre Bolaño Rivadeneira e Carril do Son).

Goberno e Federación veciñal negociarán sobre o bus

O tenente Alcalde, Rubén Arroxco, xunto co edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas recibiron finalmente no concello a dous representantes da Federación Veciñal de Lugo tralo cruce de acusacións entre ambas entidades polo malestar xerado cos cambios no servizo de bus. No encontro o Tenente Alcalde propuxo celebrar unha nova xuntanza con tres representantes da Federación, para analizar as distintas reclamacións emitidas sobre o novo modelo de bus urbano. Rubén Arroxco afirmou que “a representación da Federación non explicou hoxe cales son as reclamacións concretas sobre o bus urbano” e engadiu que “desde o Concello de Lugo seguimos abertos a novas xuntanzas”. “Nestes meses recibimos a centos de persoas e vimos que a maioría das reclamacións sobre o novo modelo de liñas non eran máis que a confusión que un cambio integral como este pode traer”, explicou o Tenente Alcalde, que engadiu “trátouse de veciñanza que, como é entendible neste tipo de cambios, entendeu mal os novos percorridos e o cambio na numeración das liñas, e ás que lles explicamos cales serían os percorridos máis axeitados

co novo modelo para as súas viaxes máis habituais”. Rubén Arroxco afirmou que “despois de analizar os distintos comunicados emitidos pola Federación Veciñal, vimos que moitas destas solicitudes reclamaban cuestións que xa están cubertas polas novas liñas de bus, polo que na vindeira xuntanza analizaremos coa representación que a Federación escolla as distintas peticións e explicáremoslles como funciona o novo sistema”.

MODIFICACIÓNS. O tenente alcalde deu conta das propostas de modificacións puntuais recollidas na Mesa de Transporte, que afectan ás liñas 3, 4.2, 5 e 13. Na liña 3 os grupos da oposición solicitan que o traxecto de volta desde Conturiz se realice por Ramón Ferreiro. Este cambio deixaría a zona de Montirón sen bus, mais desde a área de Mobilidade estudárase a posibilidade de facer chegar o percorrido ata a Fonte do Rei. Na liña 4.2, o goberno municipal estudará a proposta de modificar o percorrido para chegar á rúa Venancio Senra para comunicar co colexio do Sagrado Corazón. Esta proposta implicaría deixar sen cobertura a

parte baixa da Calzada das Gándaras. O goberno recolleu dúas propostas para modificar a liña 5. A primeira, para solucionar a parada do Carqueixo, implicaría dar a volta na A-6, o que faría que o bus urbano deixara de conectar o barrio da Residencia e a avenida das Américas. Desde o goberno buscase na xuntanza coa Xunta de Galiza mellorar esta problemática cunha nova parada que de servizo á zona, sen aumentar o percorrido do bus urbano. Outra das solicitudes da oposición para a liña 5 é a mellora das frecuencias da liña, modificando o percorrido na Residencia, circulando polas rúas Río Ulla e Azalea. Esta proposta diminuíría o número de paradas no barrio. Na liña 13, a oposición propuxo que o percorrido chegue ata a avenida da Coruña.

CARQUEIXO. O tenente Alcalde, Rubén Arroxco, reuniuse tamén co delegado Territorial da Xunta de Galiza e co persoal técnico responsábel da mobilidade de ambas administracións para buscar a mellor solución posíbel de cara a mellorar as conexións do bus no Carqueixo. Arroxco explicou que “na xuntanza



Plataforma de accesibilidade

Lugo conta coa primeira plataforma de accesibilidade do autobús urbano. Esta estrutura, situada na Ronda do Carme, é a primeira das once que se instalarán nas paradas de bus da senda verde. Situaranse sete na Ronda do Carme, unha na Fonte dos Ranchos, outra na rúa Orquídea e dúas no Camiño Real. Ademais de facilitar o embarque aos pasaxeiros, esta plataforma considérase unha ponte entre a beirarrúa e a zona de espera do autobús, polo que o usuario gaña en seguridade ao ter preferencia sobre o ciclista.

buscamos chegar a un acordo entre ambas administracións para engadir unha nova parada que de servizo á zona sen aumentar o percorrido do bus urbano”. O tenente Alcalde destacou que “desde o Concello traballaremos da man coa Xunta para garantir a viabilidade técnica desta parada, segundo

os criterios que marque o goberno galego para permitir a máxima seguridade para as persoas e a mellor maniobrabilidade para o bus”, e engadiu “desde o concello estudaremos que o bus poida xirar na LU-530 para non aumentar o percorrido da liña, traballaremos da man coa Xunta para permitir este xiro”.

SAN FROILÁN

LUGO
4-12 DE
OUTUBRO

2021

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO
FESTA DE INTERESE TURÍSTICO ESTATAL



Concello de Lugo



WWW.SANFROILAN.INFO

Renovarán un ano máis a concesión dos Hortos Urbanos

A área de Medio Ambiente renovará a concesión dos Hortos Urbanos do Parque dos Paxariños, que contan cunha extensión de máis de 3.000 m² de zona verde, ubicada entre a Rolda das Fontiñas e o paseo fluvial do Rato – a carón da barriada do Xuíz – como espazo de convivencia social ao redor da labranza individual de pequenas parcelas para autoconsumo.

Entregaranse 32 parcelas de uns 30 m² cada unha, separadas entre elas por pantallas vexetais. A zona conta tamén con espazos dotacionais como estacionamentos e unha caseta de madeira para a garda de apeiros de labranza e material de traballo, así como fontes de rega adaptadas á contorna e mesas e bancos de uso público.

SOLICITUDE. O decreto que autoriza o procedemento xa está publicado, tanto no Taboleiros de Edictos como na web do Concello. Polo tanto, as persoas interesadas na adxudicación dos hortos, dispoñán dun prazo de 15 días para pre-

sentar a súa solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

Deberán entregar cumprimentado o modelo normalizado de instancia número 658 de Solicitude: Convocatoria Hortos Urbanos.

A listaxe provisional de admitidos exporase ao público 8 días despois de que remate o prazo, e as persoas inscritas contarán cun período de 15 días para presentar as reclamacións que consideren oportunas antes de que se comuniquen as definitivas.

Mentres tanto, aproveitarase estas semanas para proceder a voltear a terra e deixala preparada para a próxima tempada para o que xa contratamos os traballos de roza e acondicionamento necesarios.

As persoas que non resulten beneficiarias pasarán a integrar unha bolsa de suplentes, que tamén se ordenará conforme á valoración acadada na fase de baremo, e da que se botará man en caso de renuncia ou perda do dereito de calquera das persoas adxudicatarias.

Adxudicada a actualización do proxecto para a ronda Leste

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adxudicou por 155.400 euros o contrato para actualizar o proxecto que completará a Ronda Leste de Lugo.

Estímase un prazo de execución de 20 meses para as distintas fases, incluído o período de información pública, presentación de alegacións, informes preceptivos doutras administracións e redacción final do proxecto construtivo.

O contrato inclúe a realización dun estudo inicial das necesidades de actualización, tanto normativas como de trazado. Dacordo coa programación prevista, a empresa adxudicataria -a Ute Temha S.L.- Noega Ingenieros S.L.- terá o documento inicial para sometelo a información pública en sete meses.

Deste xeito, o Goberno galego avanza para materializar esta



actuación, que permitirá completar os 2,8 km entre a estrada autonómica LU-530 e a N-VI e poder pechar o cinto de circunvalación de Lugo. Estímase que o novo treito terá unha intensidade media diaria de máis de 16.000 vehículos ao día.

A futura infraestrutura restará

tráfico das rúas da cidade, mellorará a mobilidade e favorecerá especialmente a accesibilidade cara ao hospital Lucus Augusti. A Rolda Leste ten un treito en servizo de 2,41 quilómetros, entre a N-640 e a LU-530, cunha intensidade de tráfico entre 6.000 e 8.400 vehículos ao día.

O PP propón que Lugo sexa un destino de Turismo Inclusivo

A concelleira popular Beatriz Vázquez propón ao bigoberno unha estratexia de traballo coordinada, entre as áreas nacionalistas de cultura e de vías e obras e as socialistas de servizos sociais e urbanismo, para promover un Plan Estratéxico de Turismo Accesible.

A idea é que Lugo, cos seus tres patrimonios da humanidade, sexa un Destino de Turismo Inclusivo a partir deste 2021 “de forma que calquera persoa, poida gozar sen impedimentos de todos os servizos turísticos que ofrece esta cidade”. Ao reforzar a percepción de Lugo como destino turístico accesible tamén se daría unha lombeirada para impulsar o centro histórico como Patrimonio da Humanidade.

Esta reflexión coincide coa celebración, dentro duns días, do Día Mundial do Turismo, que se celebra este 27 de setembro, e cuxo lema para este ano 2021 é “Turismo para un crecemento inclusivo”. A concelleira popular avanzou que presentará no pleno unha batería de propostas en positivo que inclúen diferentes accións que se deberían de implementar desde o Concello, e que afectan a distintos servizos da cidade.

Entre as actuacións que suxiren os populares destaca por exemplo a elaboración dunha guía de Servizos

para o Turismo Accesible de Lugo. Así mesmo consideran imprescindible traballar para que todas as instalacións deportivas da cidade sexan accesibles para todos, por exemplo, poñer elevadores nas piscinas de verán de Frigsa, ademais de ofrecer un servizo de Guías Turísticos Especializados na atención a persoas con distintas discapacidades.

Outra das ofertas é un servizo de préstamo de sistemas de locomoción especializados para estes turistas ou elaborar material específico para os Museos Municipais, por exemplo réplicas que se poidan tocar, audiovisuais subtítulados en varios idiomas, entre outras. Piden tamén habilitar baños públicos adaptados para persoas con discapacidades graves e complexas que, doutro xeito, non poderían gozar dun día no centro da cidade ou desenvolver unha guía que permita chegar co transporte público aos sitios turísticos para persoas con discapacidade visual ou auditiva, etc.

O grupo municipal do PP está a manter contacto con entidades que traballan con persoas con discapacidades co ánimo de enriquecer este documento “que está aberto á participación de todos os grupos políticos así como entidades sociais”.

Remata a renovación do parque infantil de Augas Férreas

Reabriu as súas portas o parque infantil de Augas Férreas trala súa ampliación e a instalación da cuberta para o que se destinaron 166.400 euros. Con estes traballos, o parque aumentou un terzo o seu tamaño. A superficie habilitada como área de xogos é de case 400 m² (396.88 m²), dos cales 236 m² coinciden coa área existente e 160 m² de ampliación.

O parque conta cun perímetro en forma de L que resulta da agregación de dous rectángulos de dimensións 13.11 x 18.05 metros e 6.42 x 24.97 metros, coincidentes coas áreas existente e ampliación respectivamente. As obras incluíron tres tipos de actuacións principais. Por un lado, leváronse a cabo tarefas de acondicionamento que incluíron a retirada e substitución do pavimento e céspede artificial existente, para a colocación dun novo pavimento de caucho amortiguante na totalidade da área de xogos.

Tamén se fixeron traballos de posta a punto en xogos incluíndo o lixado, saneamento e vernizado das pezas de madeira; lixado e esmaltado con tratamento antioxidante dos elementos metálicos, incluíndo repasos de tornillería ou ancoraxes.

Restitíuse e recolocouse o valado de aceiro inoxidable, así como o bordo perimetral para consecución dunha única cota e reparación da superficie. E, por último, a recolocación e reordenación dos xogos existentes. A actuación tamén contemplou a



Aspecto do renovado parque de Augas Férreas

ampliación do parque coa instalación dun novo xogo infantil de escalada ao aire libre (rocódromo) para nenos de 5 a 8 anos, dunha altura total máxima de 3 metros e cunha área de seguridade de 52 m². E a instalación dun novo pórtico triplo, composto por un asento niño e dous asentos planos, un inclusivo e o outro para bebés, e todo iso cunha área de seguridade que ocupa unha superficie de 19 m².

Os traballos completáronse coa cubrición do parque, mediante a colocación dunha estrutura con pórticos de aceiro e a base de placas de policarbonato translúcidas. A altura libre baixo a nova cuberta é dun mínimo de 2,51 metros na fachada suroeste e dun máximo de 5,29 metros na fachada noroeste, quedando accesibles a totalidade das fachadas ao non proxectarse cerramentos.

PROPOSTA POPULAR DO TRÁFICO.

O Partido Popular fixo unha proposta (xa aprobada en pleno) para realizar un estudo de tráfico nas rúas da praza de Augas Férreas para avaliar a posibilidade de ampliar as prazas de estacionamento de vehículos. Antonio Ameijide sinala que “nesta zona abundan as rúas de único sentido que, en moitos casos, contan con dous carrís de circulación (como poden ser as rúas Cantigas e Flores ou Círculo das Artes), polo que unha posible solución sería a eliminación dun dos carrís de circulación e a adopción de aparcadoiros en batería nunha das marxes xa que aumentaría notablemente o número de prazas de estacionamento dispoñibles. Non se trata de algo que acabamos de descubrir, se non dunha solución que xa se puxo en marcha noutros puntos da cidade”, sinalou.

Abriu en setembro as súas portas o novo CEIP Sagrado Corazón

O CEIP Sagrado Corazón abriu este curso as súas portas iniciando xa o curso nas novas instalacións, situadas na rúa Venancio Senra.

A nova instalación incorpora mobiliario de innovación adaptado ao Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, en concreto, conta con capacidade para dar servizo a 450 alumnos, con 6 aulas de educación infantil, 12 de educación primaria e 4 para apoio educativo e desdoblamento de grupos, ademais de aula de música, de informática, e de robótica, biblioteca, ximnasio, comedor, zona de administración, servizos comúns e equipamentos deportivos para o que se contou cun orzamento total de 4,26 millóns de euros.

Así, destacouno o presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, nunha visita ao centro escolar no que avanzou tamén que se está licitando outras 84 actuacións por importe de 40 millóns de euros para executar en 2022, ao tempo que resaltou que a cidade da Muralla alberga, nestes momentos, a zona educativa con máis proxectos de obra previstos neste eido de toda Galicia.

Así, ademais deste novo CEIP, ac-



Instalacións do novo colexio

tualmente, están en marcha ou rematadas outras obras por valor de preto de 4 millóns de euros, como: o acondicionamento do pavillón compartido do IES Lucus Augusti e IES Ollos Grandes; a adecuación do ximnasio como talleres para ciclos de perruquería no IES Muralla Romana; a ampliación dos talleres de carpintería do CIPF Politécnico; e o novo edificio para a ampliación de ciclos e hostalería do IES Sanxillao, cuxa obra rematará neste primeiro trimestre do curso. “E para o período 2021-

2024 temos previsto investimentos por valor de 3,6 millóns de euros en noutros centros da cidade”, engadiu. Nesta mesa liña, recordou que a pandemia tamén nos deixou unha reflexión sobre os espazos arquitectónicos que precisa o sistema educativo, recollidas no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que suporá un investimento de 191 millóns de euros, nesta lexislatura, para adaptar os centros escolares ás novas necesidades educativas, sanitarias e tecnolóxicas.



Visita de Arroxo á asociación Antonio Gandoi

O Concello mellorará o local da Asociación Antonio Gandoi

O tenente Alcalde, Rubén Arroxo visitou as instalacións da Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoi xunto co edil de Educación, Felipe Rivas. A concellería de Educación vén de aprobar a renovación da cuberta do edificio, “unha actuación moi necesaria para mellorar tanto a eficiencia enerxética das instalacións como para reducir os custes que temos que afrontar en mantemento”, explicou Felipe Rivas.

A concellería de Educación inviste preto de 40.000 euros nesta actuación, que permitirá mellorar os servizos prestados nesta instala-

ción. Nas últimas semanas, a área de Mobilidade, que dirixe Rubén Arroxo, instalou unha senda peonil na contorna destas instalacións para mellorar tamén a seguridade nos accesos do CEIP de Albeiros.

A senda peonil discorre polas rúas Xenebro, Garaballa de Arriba (treito sen beirarrúas) e Illa de Ons, que contan cunha nova limitación de velocidade a 20 Km/h e espazos diferenciados para o tránsito peonil “mellorando a seguridade viaria de todas as nenas e nenos que se achegan ao colexio a pé”, afirmou o edil de Educación.

Cidadáns acusa ao Concello de partidista no asfaltado das rúas

A portavoz municipal de Cs, Olga Louzao, cargou esta mañá contra o Goberno local acusándoo de levar a cabo unha xestión partidista en relación ao reasfaltado das vías municipais.

“Non entendemos como o Goberno local pode obviar o lamentable estado no que se atopa a rúa Xardín. É necesaria unha intervención urxente. Esta vía exemplifica perfectamente o fracaso do Goberno local na súa planificación para o mantemento de infraestruturas na o que as distintas áreas de goberno asumen ou rexeitan responsabilidades en función da conveniencia política medida en réditto electoral”, sinalou a edila da formación laranxa.

“Que pensarán os veciños desta zona cando ven á alcaldesa pasearse polo Senado falando de barrios multicolores e dunha cidade sostible e resiliente cando as súas rúas están cheas de fochancas, sen beirarrúas e absolutamente intransitables?”, proseguíu Louzao. “Estamos a falar dunha rúa cun firme moi deteriorado, que incumpe a Lei de Accesibilidade por contar con tramos de desnivel altísimo e carecer de beirarrúas. De feito é impracticable en moitos tramos froito do completo abandono.

Pola súa banda, a iluminación é moi deficiente, xera problemas de seguridade e obvia a perspectiva de xénero, carencias preocupantes @teniendo en cuenta que esta rúa é moi transitada ao comunicar dúas vías vertebradoras da zona norte como son as rúas Río Eo e Serra de Ancares e ao atoparse nas inmediacións do canil do barrio”, apuntou.

RÚA MIÑÓNS. A voceira tamén urxiu outros arranxos como o abandono no que se atopa o carril dos Miñóns, situado nas inmediacións da rúa Curros Enríquez.

“Trátase dunha vía sometida a unha marxinación histórica que actualmente se atopa nun estado deplorable. Chámanos poderosamente a atención como esta emblemática rúa do barrio da Milagrosa foi esquecida a pesar de atoparse pegada a unha zona de novo desenvolvemento, oportunidade que se podía aproveitar para pavimentar, sinalizar e iluminar de forma eficiente. Con todo parece que sobre o interese xeral priman os intereses duns poucos. É o tipo de actitude á que nos teñen afeitos os gobernos do PSOE en Lugo”, asegurou a concelleira.



Estado no que se atopa a rúa Xardín de Lugo

TALLERES MULTICHAP
CHAPA Y PINTURA
Rúa do comercio 142 - Pol. O Ceao (Lugo)
Tel. 630 009 733 - Fax. 982 817 202

FLORISTERÍA ROSE FLOR
Celebramos 28 años contigo
¡OFERTA! EN PLANTAS NATURALES
San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com
CAMPAÑA TODOS LOS SANTOS

Destinarán os fondos Next Generation á peonalización integral do casco histórico

O Concello de Lugo proxecta acometer a peonalización integral do casco histórico a través dos fondos europeos Next Generation co obxectivo de darlle un impulso final e converter o recinto amurallado nunha Zona de Baixas Emisións (ZBE), que son áreas que pretenden mellorar a calidade do aire e mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro, polo que mellorará a saúde da cidadanía e permitirá unha mellor conservación do patrimonio.

As ZBE serán unha obriga no 2023 para as cidades de máis de 50.000 habitantes tal e como recolle a Lei de Cambio Climático, e enmarcan estas accións no proceso da segunda transformación de Lugo. Esta metamorfosis persegue un cambio do modelo de cidade, “pero tamén da súa economía, e sempre coa sostibilidade como motor de impulso”, inciden dende o Goberno. O obxectivo que se persegue coas actuacións que se presentan á primeira convocatoria dos fondos de recuperación europeos, aprobados en Xunta de Goberno Local, é completar o 15% pendente para a peonalización integral do casco histórico, xa executada nun 85% con sucesivas actuacións a través de fondos europeos e de recursos propios. “Crearemos, así, unha rede peonil íntegra entre murallas que será funcional, segura, cómo-

da, accesible, atractiva e adaptada ao cambio climático”, explican, engadindo, ademais, que “estamos a deseñar peonalizacións diferentes que inclúan maiores zonas de axardinamento e arbolado, xa que o casco histórico é deficitario”.

A rexedera lucense, Lara Méndez, explicou que a Zona de Baixas Emisións no recinto amurallado está configurada, ademais, como unha supermanzá no Plan de Mobilidade e do Espazo Público de Lugo, partindo do feito que destaca por acoller a sede de diferentes administracións públicas, colexios e mercados, así como por ser o referente na cidade no ámbito turístico pola súa oferta patrimonial e histórica e en calquera tipo de festa ou evento, ademais de estar considerado como a zona cero do comercio da cidade.

Farán dúas solicitudes. Por unha banda o Centro Corazón Verde, que inclúe catro accións intramurallas, e nas que o investimento ascende a 5,9 millóns de euros, 4,4 millóns de subvención máis o 10% de financiamento municipal.

A segunda liña será o Centro Arteria Verde, que inclúe dúas accións que permiten dar continuidade á peonalización exterior do recinto amurallado, no que o investimento é de 3,6 millóns, 2,7 millóns de subvención máis o 10% de financiamento municipal.

Arrancan co desdoblamento e humanización de Infanta Elena

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, supervisou o inicio das obras para o desdoblamento e humanización da venida Infanta Elena, no treito que vai do enlace desta vía coa Ronda Norte á glorieta 25-N. A institución provincial financia e executa os traballos, adxudicados en 1.031.000€, e o Concello impulsou o proxecto e aportou os terreos necesarios para acometer a actuación urbanística.

“Este proxecto ten un prazo de execución dun ano pero traballaremos para que se poidan facer canto antes e, se é posible, que estean rematadas antes do inicio do próximo verán”, sinalou o presidente

No tramo que vai do enlace da avenida Infanta Elena coa Ronda Norte ata a avenida Paulo Fabio Máximo pasarase dunha vía de 11 metros de ancho, cun único carril por cada sentido de circulación, sen beirarrúas e sen alumeado, a unha estrada de 30 metros de ancho. Na marxe dereita terá dous carrís de circulación de vehículos sentido O Ceao e un carril bici con ambos sentidos de circulación, segregado do tráfico rodado con dobre liña e separador físico con elementos de plástico reciclado. Na marxe esquerda terá tres carrís de circulación, en sentido centro da cidade. Crearanse beirarrúas a ambas marxes de 4,05 metros cada unha, que contarán con arboredo, bancos e papeleiras, e unha mediana de 1,40 metros con céspede e arboredo. Dotarase tamén de alumeado.



Traballos de desdoblamento da avenida

Coas obras previstas, pasarase da actual intersección regulada por semáforos a unha rotonda, para favorecer a seguridade e fluidez do tráfico. Na marxe dereita —en sentido O Ceao— darase continuidade ao tránsito peonil e de bicicletas, urbanizando a sección completa ata o paso de peóns e de ciclistas, e conectando coa calzada existente. Na marxe esquerda, darase continuidade tamén ao itinerario peonil coa adaptación do paso de peóns existente.

GLORIETA PAULO FABIO MÁXIMO – GLORIETA 25N. Esta parte da vía está completamente urbanizada e conta con 30 metros de ancho, as mesmas dimensións cas que terá despois das obras o tramo que vai dende o enlace coa Ronda Norte a Paulo Fabio Máximo. Polo tanto, o obxectivo do proxecto neste caso é darlle continuidade ao trazado e circulación de

peóns, bicicletas e vehículos, redistribuíndo o espazo das calzadas para que quede igual que o treito Ronda Norte-Paulo Fabio Máximo. Deste xeito, pasarase dos actuais dous carrís por cada sentido a establecer na marxe dereita dous carrís de circulación de vehículos sentido O Ceao e un carril bici con ambos sentidos de circulación, segregado do tráfico rodado. Na marxe esquerda haberá tres carrís de circulación, sentido centro da cidade. As beirarrúas quedarán como están, con 2,40 metros de ancho cada unha, ao igual que a medianeira, que seguirá tendo 5 metros de ancho, pero acondicionarase con árbores. En canto á iluminación, será de baixo consumo, cun total de 144 puntos Led.

O trazado do carril bici contemplado permite conectar coa parcela na que se está construíndo o edificio Impulso Verde.

O edificio Impulso Verde, finalista dos Premios Rebuild 2021

O edificio Impulso Verde que se está a construír na Garaballa dentro do proxecto Life Lugo+Biodinámico foi seleccionado como un dos finalistas dos Premios Rebuild 2021, que recoñecen os proxectos máis innovadores do sector da edificación. Este certame celebrase no marco do Congreso Nacional de Arquitectura Avanzada e Construción 4.0, que terá lugar en Madrid. Trátase dunha iniciativa que aborda a transformación da construción en España e na que se exporá como referente nacional, o modelo de cidade verde.

O Congreso Rebuild 2021 é o maior foro de coñecemento e tendencias do país no que participarán (en cinco auditorios simultáneos diferentes) máis de 260 expertos para amosar os proxectos máis disruptivos e casos de éxito para cada segmento do ámbito da edificación (vivenda, hotel, retail, oficina,



Edificio Verde

sociosanitario e institucional) contando, alén, cunha axenda propia para cada perfil profesional. Rebuild premiará un ano máis a innovación aplicada á edificación a través dos Advanced Architecture Awards 2021. O Impulso Verde resultou finalista na modalidade Proxecto de Sustentabilidade, Descarbonización ou Maior Autoxeración de Enerxía nun Edificio.

Melloran a accesibilidade no parque da Rolda do Carme

O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, informou dos traballos que se están a realizar no parque da Rolda do Carme, na unión desta rúa coa Fonte dos Ranchos. Alexandre Penas explicou que “estamos a traballar na mellora da pavimentación desta zona verde, debido a que o crecemento das árbores produciron levantamentos no chan presente ata o momento”.

A solución adoptada pola concellería de Infraestruturas consiste na aplicación dunha nova pavimentación na zona de tránsito peonil do parque “para garantir a maior accesibilidade para a veciñanza, especialmente no caso de persoas de mobilidade reducida”, segundo declarou Alexan-



Visita dos concelleiros nacionalistas á zona

dre Penas. O concelleiro de Infraestruturas afirmou que “damos solución a unha reclamación importante para a veciñanza desta zona da cidade” e destacou o papel da veciñanza á hora de planificar

o traballo da concellería de Infraestruturas. “As veciñas e veciños coñecen de primeira man a zona na que viven e as súas reclamacións e solicitudes serven para planificar o noso traballo”, explicou Alexandre Penas.

DEPUTACIÓN

Vestas, a residencia de Pantón e o transporte escolar centran o Pleno

A Deputación aproba pedir á Xunta medidas de apoio para os traballadores de Vestas e un plan de reindustrialización para A Mariña ao mesmo tempo que aproba unha proposta do PSdeG na que se insta ao Executivo galego contratar profesorado de reforzo polas necesidades da pandemia, que se resolvan os concursos do transporte escolar, e que se garantan os servizos educativos no rural. Finalmente foi para adiante o convenio para construír o Centro de Atención a Maiores de Pantón por 1,7M€.

Deste modo, pedirase á Xunta de Galicia que exerza as súas competencias e que impulse medidas de apoio para os traballadores e traballadoras afectados polo anuncio de Vestas de pechar a planta de Viveiro, así como un plan de reindustrialización para a comarca da Mariña con medidas concretas, achega orzamentaria, proxectos definidos e un calendario de execución e avaliación de resultados. A proposta foi plantexada polo PSdeG, e recibiu o apoio do BNG, mentres que o PP se abstivo.

MELLORAS EN EDUCACIÓN. O Pleno tamén aprobou unha proposta socialista para instar á Xunta melloras no ámbito educativo que garantan un servizo público acorde á situación sanitaria e que sexa igualitario no rural galego. Unha iniciativa que saú



O equipo de Goberno entrando ao Pleno

adiante cos votos a favor de PSdeG e BNG, e en contra do PPdeG.

A voceira provincial socialista, Pilar García Porto, afirmou que o presente curso comezou coas declaracións do Conselleiro de Educación comparando os datos de contratación do profesorado cos do 2019/2020. “Vergoña que esteamos nunha pandemia e que a Xunta reduza o número de profesorado con respecto ao ano pasado; vergoña que os colexios do rural sufran máis pola falta de docentes; vergoña que se volva a atacar aos servizos públicos no rural, discriminando aos nenos e nenas galegas polo seu lugar de residencia”, indicou.

“Hoxe hai 625 docentes menos que no curso anterior, o que prexudica

á educación pública, mentres que outras comunidades autónomas aumentaron ata o 68% o número de docentes”, subliñou García Porto.

“No IES de Becerreá, a Xunta quiere suprimir aquelas materias que teñen unha matrícula baixa, como é o caso de Francés; no CEIP das Nogais, todo o alumnado de Educación Primaria está integrado nunha única aula de 13 alumnos e alumnas; ou o que acontece no IES Lamas das Quendas de Chantada, onde a veciñanza ten iniciada unha mobilización pola redución de sete docentes”, dixo. Con respecto ao colexio de Baamonde, a deputada lembrou a situación das familias de Begonte que non teñen transporte escolar nas paradas que tiñan solicitado.

Un proxecto sobre os Ancares gaña a Copa de España Creativa



Entrega do galardón España Creativa

A Deputación alzouse coa Copa España Creativa 2020 nun evento celebrado en Orihuela, o VII Foro de Ciudades y Territorios Creativos de España. O xurado seleccionou o proxecto da institución provincial para recuperar, conservar e poñer en valor os soutos da Reserva dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá de entre a vintena de candidaturas que concorreron como finalistas a este certame de ámbito nacional, no que participan autonomías, concellos, deputacións, colectivos profesionais, universidades ou asociacións sen ánimo de lucro de todo o país con proxectos innovadores para o

desenvolvemento do territorio. A institución provincial xa gañou na primeira fase do concurso, a votación popular, onde recibiu preto do 40% dos votos, moi por diante do segundo clasificado. Esta posición de liderado foi ratificada onte polo xurado experto, despois da defensa do proxecto que realizou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, xunto ao xefe do servizo provincial de Medio Ambiente, Luis Fernández Reija. Agora, a Deputación, como gañadora da Copa España Creativa, será a encargada de organizar o vindeiro ano este evento, que reunirá a colectivos e institucións nacionais.

En marcha un proxecto ao redor do acordeón diatónico

A Deputación pon en marcha un proxecto audiovisual para difundir os contidos do Cancioneiro Galego para Acordeón Diatónico. De Botóns e poñer en valor os espazos xestionados pola institución provincial como son a Rede Museística, o Centro de Artesanía e Deseño e o propio Pazo de San Marcos como espazos culturais e abertos á cidadanía.

Ugía Pedreira, Davide Salvado, Noemí Basanta, Germán Díaz, Brais Monjardín e Vazmin Yukhnovich están a gravar vídeos musicais interpretando algunhas pezas recollidas na publicación nos emprazamentos citados, acompañados polos seus autores, e músicos, Carlos Quintá e Pedro Pascual. O traballo de rodaxe estívose a desenvolver no Museo do Mar de San Cibrao, no xardín do Pazo de San Marcos e en San Paio



Presentación do proxecto

de Narla. E continuará no Museo de Lugo, no Centro de Artesanía e Deseño e no Pazo de Tor. Ugía Pedreira interpreta no Museo do Mar de San Cibrao unha composición de Dorothé Schubart mentres que e o xardín da Deputación de Lugo será o escenario no que Davide Salvado achegue unha peza de recollida popular, *Manolo mío*.

Estreado o programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo estreou o programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, do que, nesta primeira tempada, se beneficiarán máis de 1.200 persoas de 62 colectivos ata o vindeiro 10 de novembro. As primeiras entidades beneficiarias, a Asociación de Veciños de Ombreiro Río Miño e a Asociación Carpe Diem de Lugo, coñeceron a costa de Barreiros e Ribadeo, e os concellos de Lourenzá e Mondoñedo, respectivamente. As actividades inclúen tamén unha visita a instalacións provinciais que se converten en puntos de partida das viaxes. Na primeira xornada, as asociacións coñeceron a historia do Pazo de San Marcos e o funcionamento da Granxa Gayoso Castro, en Castro de Rei. O presidente recibiu no Salón de Actos á primeira asociación que visitou

a sede da institución provincial, onde destacou a gran acollida do Coñece a túa Provincia, que recibiu 143 solicitudes para 62 viaxes dispoñibles, unha alta demanda que “demostra que acertamos con esta proposta e que debe ter continuidade”. Neste sentido, José Tomé lembrou que Coñece a túa provincia é unha das medidas do Plan de Impulso da Economía da Provincia que ten en marcha a institución, froito do compromiso do Goberno de “axudar na recuperación dos sectores máis afectados polo impacto da pandemia, como son o turismo, a hostalería e o comercio local”. Sen embargo, esta iniciativa naceu tamén cun obxectivo máis a longo prazo, “para seguir consolidando o modelo de turismo polo que apostamos, un turismo de calidade, sostible, non masificado,

que pon en valor o patrimonio e que crea emprego, sobre todo no rural”. As viaxes realizaranse dende este martes, 14 de setembro, ata o 10 de novembro en días laborables. Os itinerarios deseñados percorren o patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico da provincia de Lugo. A primeira parada realizarase sempre nun espazo de titularidade provincial, como pode ser o Pazo de San Marcos, o Centro de Producción Audiovisual, a Granxa Gayoso Castro, o Centro de Interpretación Terras do Miño ou o Mazo de Santa Comba. O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia.

O PP insta a adoptar medidas para afirmar edificios en ruínas

O PP insta ao goberno de Castroverde a adoptar medidas para asegurar valados a medio derrubar e edificios en ruínas ao pé de vías públicas, para evitar risco para o tráfico peonil e rodado. “No termo municipal de Castroverde hai muros parcialmente derrubados de edificios en estado ruinoso ao pé de vías públicas; a parte que aínda queda en pé constitúe un grave risco para a seguridade do tráfico rodado e peonil”, di o portavoz municipal do PP, Rubén Otero, así, propón ao goberno municipal a elaboración dun censo de inmo- bles nestas condicións, para adop- tar as medidas necesarias para que non poñan en perigo a seguridade das persoas. Otero di que “á beira de vías pú- blicas, ao longo do municipio, son numerosos os valados a medio de- rrubar que pechan leiras e os mu- ros de casas en estado de ruína”. Otero explica que “unha vez coñe- cidos os casos nos que é preciso intervir, o goberno municipal debe dar as instrucións necesarias para que o Concello inste aos propieta- rios a adoptar as correspondentes

medidas de seguridade. Se, cuber- tos os trámites correspondentes, os donos de valados e casas en ruínas non fan o que se lles indica, deberá ser o propio Concello o que interveña, por vía subsidiaria (exe- cuta os traballos precisos e pasa a factura aos donos dos bens afecta- dos)”.

PÓLAS EN ESTRADAS. O portavoz popular en Castroverde, Rubén Otero, afirma que o alcalde e o presidente da Deputación “des- coñecen que os transportistas e as empresas que teñen camiões, afrontan moitos problemas por culpa de que hai moitos tramos nas estradas municipais e provin- cias nos que as pólas que voan sobre as calzadas provocan danos nos vehículos pesados e risco para a súa seguridade”. Por elo, Otero insta ao alcalde a adoptar medidas para que sexan cortadas as ramas alí onde é necesario, e a que xestio- ne con Tomé que adopte medidas similares nas vías da Deputación, “medidas que reclaman os titula- res de vehículos pesados no muni- cipio”.

Castroverde entregou nun acto as súas distincións honoríficas

O Concello de Castroverde cele- brou onte o acto de nomeamento de Fillo Adoptivo, Fillo Predilecto e cronista oficial deste Concello, un acto que foi aprazado en varias ocasión con motivo da crise sani- taria e da axenda dos asistentes. Amenizado polo grupo musical Zucurrundullo o alcalde da loca- lidade, Xosé María Arias, entre- gou a distinción de Fillo Adoptivo de Castroverde a Manuel Vvarela Gorgoso, párroco de Vilabade e outras parroquias, ademais de presidente da Asociación Cultural Espalladoira e persoa consagrada á promoción de numerosas acti- vidades culturais e labores sociais en diferentes ámbitos da vida do Concello, e na conservación e promoción do santuario da Nosa Señora de Vilabade (BIC) e do seu conxunto monumental. O título de Fillo Predilecto foi para o escultor Paco Pestana, artista plástico e poeta de acre- ditado prestixio internacional, embaixador de Castroverde nos máis diversos foros artísticos e culturais, prestixiando así a a imaxe e as raíces fundamentais



Un momento da entrega das distincións honoríficas

da súa ampla e meritoria obra evocadora das súas vivencias ru- rais mediante as máis innovado- ras técnicas e enfoques. Tamén distinguiron co nomea- mento honorífico de Cronista oficial de Castroverde a Ricardo Polín, doutor en Filoloxía e his- toriador, ademais de autor de relevantes estudos e investiga- cións centradas na recuperación e posta ao día do pasado común e proxección pública, contribuíndo co seu labor intelectual e

compromiso cultural a potenciar o imaxinario colectivo e que Cas- troverde se integrase no Patrimo- nio Mundial con que a Unesco recoñece ao Camiño Primitivo. No acto estiveron presentes dis- tintos membros da corporación municipal e os integrantes da asociación Amigos do Patrimo- nio de Castroverde, que sempre manifestaron o seu interese en celebrar estes recoñecementos. Tamén contou entre o público cunhas 70 persoas.

Curso sobre manexo da oficina virtual de gandaría

Castroverde acolle un curso sobre os aspectos básicos de manexo da ofi- cina virtual de gandaría, Ovgan, e da sede electrónica. A acción formativa ten previsto desenvolverse en dous grupos durante dous días, o luns 18 e martes 19 de outubro na aula de in- formática do CPI de Castroverde ao longo dunha xornada en horario de 15.30 a 20.30 horas. O curso está dirixido a calquera per- soa vinculada profesionalmente cos sectores produtivos relacionados

coa gandaría e a súa industria así como mozos e mozas do medio rural galego e persoas con expectativas de incorporación ao sector. Ao longo das cinco horas de duración desta acción formativa, instruírse aos alumnos na actualidade sobre a solicitude de guías por internet, levar o libro electrónico de explotación, as altas e baixas, duplicados critais ou DIBS, autorizacións de remolques, pagar as taxas, ou descargar a carta de saneamento entre outros.

Campaña de compostaxe

O Concello organiza para o sábado 9 de outubro unha sesión informa- tiva sobre compostaxe doméstico. Para reservar un hai que chamar ao teléfono 982 312 080 antes do 8 de outubro. Neste día os veciños reci- birán un composteiro e ademais ex- plicaráselles como facer un bo uso do mesmo. Esta charla informativa será no salón de actos do CPI de Castroverde de 12.00 a 13.00 horas.



Instalaranse cerramentos na vía de altas prestacións CG-2.2

Comezaron os traballos para a instalación de cerramentos de seguridade na vía de altas presta- cións Lugo-Monforte (CG-2.2), no Corgo. As intervencións, cun prazo de execución de 4 meses, suporán un investimento global de preto de 353.000 euros. No caso da vía de altas presta- cións Lugo-Monforte, comezaron coas actuacións de roza para pro- ceder á colocación dunha valla re- forzada no tramo que vai do pun- to quilométrico 9 ao 11, ao paso polo Concello do Corgo. As obras consisten na substitución do cerramento existente por un peche de seguridade de 150 centímetros de altura libre sobre o terreo, para a contención de ani- mais domésticos e fauna salvaxe como os corzos, moi abundantes na zona.



Unha imaxe de arquivo da vía

Ademais, o proxecto contempla a adaptación do chan cunha ten- sión de valla superior aos 1.000 quilos de arrastre para a conten- ción dos xabarís. O proxecto prevé tamén a ins- talación de ramplas de escape no cerramento para posibilitar a saída dos animais das estradas

no caso de que consigan acceder ás mesmas e executaranse pasos antifauna nos ramais dos enlaces para impedir o acceso de animais. Así, por exemplo, a autovía Na- dela-Sarria, cuxa 1ª fase se está a executar, tamén contará con valla reforzada en ambos os lados para reducir estes sinistros.

A Deputación asina o contrato para a construción da residencia

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, cumprindo co que xa avanzou firmou na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos o contrato coa empresa que resultou adxudicataria das obras de construción do Centro de Atención a Maiores de Portomarín, Coto Estudios y Construcciones. O orzamento ascende a 1.430.000 euros para construír 13 apartamentos tutelados e un centro de día.

“Asinamos este contrato dentro dos compromisos que temos adquirido cos lucenses para seguir acercando os servizos públicos ó rural, e dentro dun dos piares do Goberno da Deputación, como son os servizos sociais”, subliñou o presidente, quen asegurou que a institución impulsa deste xeito unha dotación social que ofrecerá unha atención de calidade e favorecerá o arraigo dos residentes, pois poderán permanecer no lugar no que fixeron a súa vida, convivindo cos seus veciños e veciñas. A parcela onde se van levantar estas instalacións conta con 800 m² e foi cedida polo Concello de Portomarín. Está situada fronte á rúa Lugo, preto da Casa do Concello e nela construírse un edificio de 2.200 m², que se dividirá en catro plantas. Haberá un soto para garaxe, unha planta baixa para o centro de día con capacidade para



Firma do contrato entre os representantes da Deputación e do Concello

28 persoas, un apartamento, comedor social e servizos comúns (lavandería, zona de vixilancia, control e administración, entre outros); na primeira planta construíranse 8 apartamentos e na segunda, 4. Cada un deles contará cunha superficie de entre 55 e 62 m². Dispoñen de zona de cociña, comedor e sala de estar, habitación dobre e baño adaptado.

No que vai de mandato, o Goberno provincial duplicou o número de residencias da Deputación en funcionamento, pois ás de Trabada, Ribadeo e Pol, engadiu A Fonsagrada, Castroverde e Pedrafita do Cebreiro, duplicando polo tanto tamén o número de prazas asistenciais, ata chegar ás 180 existentes hoxe en día, e o número

de postos de traballo directos, que son na actualidade de 150, aos que hai que sumar os empregos indirectos e o retorno económico que ten o funcionamento dos centros nos concellos nos que se radican.

O seguinte centro en abrir será o de Meira e a finais de ano, o de Navia de Suarna. Para o 2022 está previsto poñer en marcha o de Ribas de Sil.

Así mesmo, dende o ano 2019, a Deputación, ademais de adxudicar e asinar o contrato das obras da residencia de Portomarín, adxudicou as da Pobra do Brollón, ten en licitación as da Pontenova, elaborou o proxecto construtivo do centro de Pantón e está ultimando o modificado do de Guitiriz.

Demandan nun acto a creación dunha tarifa eléctrica galega



Acto simbólico na ponte de Portomarín

O BNG desenvolveu en Portomarín unha acción simbólica no encoro de Belesar, na que participaron diferentes cargos políticos e militantes da organización das terras e comarcas de Lugo e de Lugo Sul, para defender a aplicación dunha tarifa eléctrica galega e o fin do espolio enerxético que sofre Galiza.

Nesta acción, a deputada por Lugo e viceportavoz do BNG no Parlamento galego, Olalla Rodil, sinalou que o BNG solicitará a creación dunha comisión de investigación no Parlamento sobre o “baleirado kamikaze dos encoros” Rodil declarou que “a actividade das eléctricas sobre os nosos encoros hai que poñerlle luz e taquígrafos para depurar responsabilidades, tanto empresariais como políticas”

Así mesmo, a deputada nacionalista apuntou que o BNG levará adiante unha proposta para mudar o marco eléctrico do Estado e fixar unha tarifa eléctrica galega, debido que “Galiza como grande produtora de enerxía ten dereito a decidir sobre o funcionamento dos seus recursos naturais e integrais a favor dos intereses das galegas e galegos” destacou Olalla Rodil. Neste sentido, Olalla Rodil fixo fincapé nos diferentes impactos que produce a produción eléctrica en Galiza, como danos medioambientais e custos sociais, económicos e ecolóxicos, no que “o mínimo é que se poida compensar ás galegas e galegos e poñer eses recursos en favor do desenvolvemento do noso País”

rábade

Organizan talleres de teatro e de memoria

O Concello organiza en outubro un taller de teatro. Desenvolverase en sesións de dúas horas semanais os xoves, en horario de mañá, de 11.00 hs a 13.00 horas. Comezarán o 7 de outubro e se prolongarán ata xuño. A través deste taller, os participantes atoparán un espazo de esparcemento cultural e creativo no que poder dar renda solta a súa creatividade e a súa orixinalidade.

Tamén organiza en outubro un taller de memoria. Desenvolverase en sesións de unha hora e cuarto semanais, os luns a partir das 16.30 horas. As sesións comezarán o 4 de outubro e se prolongarán ata xuño de 2022. O obxectivo fundamental é a estimulación de capacidades cognitivas de orientación espacial, temporal e de linguaxe, traballando os dous tipos de memoria, a curto e longo prazo.

Abre o prazo para pedir as axudas a escolares

O Concello de Rábade volve ofrecer este ano as axudas polo inicio do curso escolar, para as que establece como prazo de presentación ata o 4 de outubro. O Concello ten establecida esta liña de axudas económicas para cubrir os gastos derivados da compra de libros de texto e material escolar, roupa e calzado para este curso 2021/22, para o ensino obrigatorio e infantil, que non cubran as axudas autonómicas.

Os requisitos para poder solicitar estas axudas son estar empadroados no Concello con anterioridade a tres meses, ter un menor cursando algún destes

estudos nalgún dos dous centros de Rábade e non superar os 5.000 euros de renda per cápita (6.500 no caso de familias monoparentais).

O Concello aclara que non se poden solicitar as axudas para os libros que xa financia a Xunta de Galicia pero si para os que non sexan financiados e tamén para material escolar, roupa e calzado.

A documentación pertinente (libro de familia, declaración da renda, xustificantes económicos, e de pago de vivenda) teñen que presentarse xunto á solicitude antes do 4 de outubro nas oficinas municipais.

O Concello estuda a creación no CEIP Virxe da Luz do programa Portomarín Concilia

O Concello de Portomarín estuda ofertar neste novo curso escolar 2021-2022 un servizo de madrugadores para os nenos e nenas escolarizados no Ceip Virxe da Luz. É unha proposta pensada para axudar na conciliación familiar para aqueles pais e nais que queiran deixar aos seus fillos e fillas, antes do inicio da xornada lectiva.

O servizo é en horario de 7.30 ata o inicio das clases. Os participantes poderán acudir de forma diaria ou ocasional e deberá de existir un número mínimo de 10 rapaces para que se poida levar a cabo. É de balde e está dirixido ó alumnado de Infantil e Primaria. De iniciarse o servizo éste contemplase para principios do mes de outubro de 2021, así, publica-



rán o prazo de inscrición xunto ós requisitos dos participantes no caso de reunir o grupo mínimo de persoas.

castro de rei

Alumnos de Veterinaria amplían formación na Granxa Gayoso Castro



Alumnos de Veterinaria durante a primeira sesión de prácticas

Os 120 estudantes de novo ingreso matriculados no primeiro curso do grao en Veterinaria están a coñecer a Granxa Experimental do Campus Terra, unhas instalacións nas que os futuros veterinarios desenvolverán diversas prácticas de formación e investigación ao longo da titulación, segundo indicou o decano Gonzalo Fernández.

As visitas realizadas polos novos estudantes á granxa financiada pola Deputación Provincial de Lugo nunha parcela da súa propiedade en Castro de Ribeiras de Lea están a resultar moi atractivas para os novos universitarios, ao tempo que supoñen para algúns deles un primeiro achegamento aos animais de produción, comentou Gonzalo Fernández, quen sinalou que boa parte dos futuros veterinarios

inician a súa formación de grao coa idea de dedicarse á clínica de pequenos animais ou incluso especializarse en exóticos, na actualidade, o mercado está a demandar profesionais veterinarios no eido dos animais de produción. Neste senso, o decano da Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo salientou a importancia que supón para o centro universitario ter á disposición do alumnado, así como dos docentes e investigadores unha granxa de vacún de leite, tal e como é o caso da instalación promovida pola Deputación de Lugo. “Esta dotación é moi importante e reporta beneficios para toda a comunidade universitaria, tanto en docencia como en I+D, ao tempo que posibilita achegar unha formación mellor e de máis calidade ao alumnado”, relatou.

A veciñanza manifestouse para a reactivación dos centros de saúde

A veciñanza uniune novamente nunha concentración diante do centro de saúde de Castro Ribeiras de Lea co motivo da defensa da sanidade pública e a reactivación dos centros de saúde do concello.

A concelleira e voceira do BNG en Castro de Rei, Digna Lagarón, explicou que “a veciñanza de Castro de Rei demostrou que está farta dos recortes na atención primaria xa que este concello chairego está acarreado graves demoras na atención ás pacientes e falta de persoal sanitario temos o centro de Castro de Rei pechado e sen novas de apertura, e o centro sanitario de Castro Ribeiras de Lea sen suficiente persoal para atender á veciñanza”.

Os concentrados esixiron a reactivación plena dos centros afirmando “basta das mentiras do Partido Popular tanto na Xunta como no goberno municipal sobre a situación na atención primaria”.

Neste senso, o BNG defende que a mellor maneira de saír da crise sanitaria é reforzando o sistema público de saúde. Por conseguinte, o BNG propón un plan de choque cun investimento de 200 millóns de euros, a contratación de profesionais para os centros de saúde e aumentar o orzamento á atención primaria. A nivel local, o BNG recollerá sinaturas da veciñanza para dirixirse á Consellería de Sanidade esixindo a apertura e dotación de persoal nos centros de saúde da localidade.



Concentración dos veciños de Castro ante o centro de saúde

O PSOE demanda un Pleno

Os socialistas de Castro de Rei rexistraron a petición de celebración dun pleno extraordinario co fin de resolver as carencias sanitarias que sofre o Concello.

“Concretamente demandamos ao Pleno do Concello que inste á Conselleira de Sanidade para que actúe de xeito inmediato co fin de que se dote de médicos ao centro de saúde, xa que actualmente só conta cun só médico dos catro que están en plantilla, para atender a toda a unha poboación de máis de 5000 habitantes”, remarcou o Voceiro Socialista de Castro de Rei, José Luis Tellado.

Na iniciativa rexistrada explican que “no centro de Saúde de Castro Ribeiras de Lea conta

en plantilla con 4 médicos para atender a toda poboación do noso Concello de máis de 5.000 habitantes. Pero nestes intre, tal e como puidemos comprobar só hai un para atender a toda a poboación, xa que dous profesionais están de baixa e outro está de vacacións”.

A maiores, sinalan que “coa irrupción da pandemia do covid-19 o Goberno de Feijóo executou políticas sanitarias no noso Concello moi lesivas contra a veciñanza que inclúe recortes, como no centro de saúde de Castro de Rei, onde tiñan que estar traballando un médico e un ATS, e hoxe só consulta un ATS tres días a semana”, critican.

Presentan en Rozas Milano, o proxecto civil de maior tamaño

A presentación no CIAR de Rozas do sistema Milano de avións non tripulados, que desenvolveu o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, dependente do Ministerio de Defensa, contou coa participación de representantes de todas as entidades. A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, destacou o apoio do Executivo de Pedro Sánchez á innovación en Galicia e agradeceu a decidida aposta que fai o Ministerio de Defensa polo Centro de Investigación Aeroportada de Rozas.

O acto contou coa participación da secretaria de Estado de Defensa, Esperanza Casteleiro; o xefe de Estado Maior do Exército do Aire, xeneral Javier Salto; e o director xeral do Centro Tecnolóxico de Desenvolve-

mento Industrial do Ministerio de Ciencia e Innovación, Javier Ponce, entre outras autoridades.

A presentación do Milano correu a cargo do director xeral do INTA, tenente xeneral José María Salom, e posteriormente o avión non tripulado realizou con éxito o seu primeiro voo público.

O Milano é un sistema aéreo táctico non tripulado de gran autonomía, que opera a altitudes medias, deseñado para realizar operacións de gran autonomía a unha altitude media de voo que constitúe un sistema óptimo como plataforma aeronáutica de investigación e desenvolvemento. Foi deseñado para realizar misións de recoñecemento e vixilancia tanto no ámbito militar

como civil, así pode empregarse para a detección e supervisión de incendios forestais ou en materia de protección civil. Ten un peso de 900 kg, acada unha velocidade máxima de 250 km/h e ten ata 20 horas de autonomía.

Tamén asistiu o vicepresidente económico e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde, que salientou que a colaboración do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (Inta) no Polo Aeroespacial de Galicia é clave para consolidar pegada industrial e crear emprego cualificado neste sector. Segundo dixo, o CIAR dispón dun equipamento de vangarda único en España e deseñado para a experimentación con vehículos aéreos non



Presentación da nova aeronave

tripulados; un entorno óptimo que axuda a atraer investimentos especializados cara ao novo parque tecnolóxico e industrial, como xa fixeron compañías como Indra e Babcock. Nese sentido, o vicepresidente económico apuntou que para a consolidación do Polo Aeroespacial de Galicia vai ser fundamental afianzar a colaboración público-privada. Na parte pública, a través dos fondos eu-

ropeos Next Generation que deben supoñer un salto de calidade para este proxecto. E, no que respecta á iniciativa privada, manifestou a súa confianza en que se poidan materializar as boas sensacións recibidas ata o de agora coas dez propostas que se presentaron á convocatoria da Xunta para ser futuros socios industriais desta iniciativa de cara aos vindeiros cinco anos.

Abre xestionado por Afalu o Centro de Día Terapéutico

A Xunta creará 14 prazas públicas de atención ao Alzheimer no novo centro de día de Afalu no concello de Friol que abrirá as súas portas nas vindeiras semanas. A conselleira de Política Social, Fabiola García, visitou as instalacións en conmemoración do Día Internacional do Alzheimer, que se celebra hoxe, e aproveitou para incidir na importancia dun diagnóstico precoz e dunha rede ampla de cuidados para facer fronte a esta doenza. Nesta xornada deuse así por inaugurado este novo edificio, o Centro de Día Terapéutico.

Fabiola García agradeceu a Afalu o seu traballo no cuidado das persoas con Alzheimer e sinalou que o Goberno galego seguirá traballando da man das entidades que conforman a Federación de Alzheimer Galicia (Fagal) para levar máis servizos de calidade por toda Galicia.



Dúas imaxes da xornada inaugural

Afalu reforza a súa presenza en Friol coa creación deste centro de día xa que neste concello conta cunha unidade de atención terapéutica.

A Xunta destinará 170.000 euros ao ano para a prestación de servizos de atención e transporte neste centro. Así mesmo, tamén colabora con Afalu na

posta en marcha dos centros de día que esta asociación ten en Lugo e Ourense, así como noutros programas de prevención e estimulación cognitiva. Para o alcalde da localidade, José Angel Santos, trátase “dun proxecto ilusionante de gran necesidade para o concello e para as súas xentes”.

Convenio para reformar o centro de saúde

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, e a concelleira de Cultura do Concello de Friol, Ángeles Buján Burgo, asinaron un acordo bilateral no que se establecen as bases para o financiamento das obras de reforma do centro de saúde da localidade. Na sinatura, que tivo lugar na Delegación Territorial da Xunta, estiveron presentes, así mesmo, o delegado territorial da Xunta, Javier Arias Fouz, e o xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte, Ramón Ares Rico.

O investimento deste proxecto de mellora ascende a 24.113 euros, partida económica que será cofinanciada a partes iguais pola Xunta e o concello. O conselleiro de Sanidade agradeceu a boa disposición do alcalde e o papel de intermediación do delegado territorial para poder asinar este convenio, con tempo suficiente para que se poida licitar a obra e executarse en prazo. Deste xeito, o persoal e os pacientes do centro de saúde desa localidade conta-



A concelleira María Ángeles Buján

rán, a partir do ano que vén, cun centro de saúde mellor e máis confortable, ademais de mellorar a eficiencia enerxética do edificio e aforrar no consumo.

As obras, logo do informe dos técnicos do Sergas, consistirán na renovación da carpintería exterior, a mellora do acceso ás consultas de pediatría e ampliación da sala de espera, a reparación de revestimentos vinílicos e da pintura, e a substitución das persianas.

O Parlamento requirirá ao Mitma o arranxo da N-540

O Parlamento de Galicia aprobou a proposición non de lei do Grupo Popular, sen o apoio do PSdeG, a través da que se require ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana o arranxo integral e urgente das estradas da súa competencia en Galicia, nomeadamente da N-540 que comunica Lugo e Ourense.

Na moción lémbrese que a N-540 “é a única estrada que existe na actualidade para unir as cidades de Lugo e Ourense, as únicas capitais de provincia galegas sen conexión por autovía ou autoestrada, e cunha conexión ferroviaria obsoleta e sen frecuencias”.

“O estado da N-540 é preocupante e especialmente calamitoso no tramo que discorre pola provincia. Esta situación é consecuencia directa do recorte aplicado polo Goberno de España á partida orzamentaria dedicada a infraestruturas en Galicia. Pero no caso da N-540 é dobremente sangrante, xa que o Goberno de Pedro Sánchez eliminou os 20 millóns de euros que o Goberno do PP tiña orzamentados para a reparación desta estrada”, din.

A Deputación colabora na limpeza da beira do Miño no coto de Quinte

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración co responsable da Asociación de Pescadores de Ponte Areas, Manuel Regueiro Ares, polo o que a institución provincial achegará 2.000€ para sufragar os traballos de limpeza e desbroce na beira do río Miño ao seu paso polo concello de Guntín neste ano 2021.

Tomé Roca visitou o local social da entidade acompañado polo deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, o deputado de Medio Ambiente, Xosé Luis Raposo, e o deputado de Cooperación e Asistencia aos Concellos, Xosé María Arias Fernández. Os responsables provinciais percorreron con Regueiro parte do coto onde se vai actuar.

En concreto, os traballos consistirán na limpeza e roza da maleza das marxes do río Miño, nunha lonxitude de 10 quilómetros, facendo un paso de 2 metros á



Visita ao lugar onde se realizan os traballos

beira do río. Os traballos están orzamentados en 2.145€, dos que a Deputación porá practicamente a totalidade. “Esta é unha colaboración importante, non pola cantidade económica, pero si polo que supón para o bo funcionamento deste coto”, apuntou o Presidente, que destacou tamén a colaboración da Deputación co tecido asociativo

da provincia.

A Deputación de Lugo xa colaborou en anos anteriores con esta asociación para a limpeza da beira do río no coto de Quinte, en diversos tramos. Na actualidade, son preto de 80 pescadores os que pescan neste coto da provincia, que abrangue os concellos de Guntín, O Corgo, Lugo e O Páramo.

guntín

Abre ata mediados de outubro a mostra pictórica Mentres soe a música



A Casa da Galbana de Friol acolle a exposición Mentres soe a música, dos pintores Luis Montero e Anusca.

A exposición, que abriu as súas portas de forma gratuita o pasado 17 de setembro, permanecerá aberta ao público ata o 17 de outubro.

outeiro de rei

O BNG pide explicacións sobre o uso de recursos municipais para o congreso do PP

O BNG vai pedir explicacións no pleno que se celebrará esta mesma semana sobre “a desviación de recursos municipais” para a celebración do congreso provincial do Partido Popular. Segundo indican este partido político usou o Pavillón Municipal para a celebración do seu congreso, “tendo ademais a unha boa parte do persoal traballando na organización do evento durante varios días, tanto durante a xornada laboral como fóra dela”, din. “Dáse a circunstancia que debido esa dedicación ao congreso do PP abandonáronse todas as labores habituais, incluso as urxentes, pois houbo unha estrada cortada durante máis de 15 horas pola caída dunha árbore debido a que todo o persoal estaba traballando na organización do congreso e non podían ir retirala”, engaden. “Esta actuación demostra o uso clientelar e sectario dos cartos públicos por parte do alcalde e a distinta forma de actuar que ten, pois, por exemplo, négase sistematicamente a dotar aos grupos políticos do Pleno dun local municipal para o seu traballo político no concello”, apuntou o concelleiro do BNG Xosé Ferreiro. Dende o BNG, tamén se esixirán as responsabilidades correspondentes.

Entregan 3 cantatas de Rogelio Groba ao Museo de Manuel María



Acto de entrega das cantatas

A Fundación Rogelio Groba, entidade encargada de protexer o legado musical de Rogelio Groba e de fomentar a súa difusión, entregou á Casa-Museo Manuel María tres cantatas escritas polo compositor galego de música clásica vivo máis relevante e baseadas en poemas de Manuel María. A entrega fíxose no concerto da Orquestra de Cámara Galega a cal foi fundada hai 25 anos polo seu director concertino, e fillo do mestre Groba, Rogelio Groba Otero, A Orquestra está composta por músicos galegos formados en diversos conservatorios europeos e cunha bagaxe de interpretación

músical polas máis grandes salas de concertos internacionais. A excelencia interpretativa da orquestra permítelle abranxer un amplo repertorio, desde o Barroco até os nosos días, asumindo o compromiso de dar a coñecer a música de compositores galegos, cunha especial mención á obra do compositor Rogelio Groba Groba. A programación semanal da casa museo continúa o sábado 2 de outubro. Jásper, voz e guitarra de Nao, e Nébeda, pandeireiteira e cantadeira, presentan un novo proxecto, un percurso pola canción protesta galega, xunto a composicións propias, cun estilo tradicional.



Os rapaces na súa visita á Fundación CEL

Catorce mozos realizaron prácticas en empresas

Durante cinco días catorce mozos e mozas de Outeiro de Rei puideron aproximarse ao mundo laboral a través da realización de estadias en varias empresas do municipio, concretamente as empresas acolledoras foron 9 empresas, entre as que figura unha estación de servizo, un almacén de papelería, o zoolóxico Avifauna, un centro deportivo ou mesmo unha panadería. Tamén ofreceron os seus servizos outras catro. Todas estas empresas foron un piar fundamental desta iniciativa; o outro o foron os 14 mozos participantes na mesma que responderon con entusiasmo a este compromiso. As prácticas realizadas durante cinco días en xornadas diarias de 4 horas representaron un primeiro contacto co mundo laboral, unha

experiencia que foi valorada positivamente e que lles permitiu coñecer o traballo diario na empresa escollida por eles e colaborar realizando diferentes actividades. Para completar o programa, realizouse unha visita ao Viveiro Empresarial da Fundación CEL en Lugo onde foron recibidos polo seu xerente, Rodolfo Ojea, que tratou entre outros aspectos, dos servizos que ofrece esta entidade aos emprendedores, ademais de realizar un percorrido polas instalacións e de completar esta visita cun encontro con promotores de interesantes iniciativas empresariais. Finalmente, as persoas participantes na iniciativa foron recibidas no Concello de Outeiro de Rei.

Comezan os obradoiros de outono para maiores

A Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer, en colaboración co concello de Outeiro de Rei, organiza uns obradoiros para as persoas maiores para a prevención e tratamento da soidade non desexada. Estes terán lugar os mércores en horario de 12:00 a 13:00 horas no salón de actos de casa de cultura ou no centro cultural de Outeiro de Rei. Os obradoiros serán sucesivamente de autocoidado, risoterapia, estimulación sensorial, automasaxe, relaxación e pilates terapéutico celebrándose dúas xornadas por cada temática. A data de inicio será o 22 de setembro co de autocoidado e se prolongarán ata decembro que finaliza o día 1 con pilates terapéutico.



Os obradoiros serán en grupos reducidos entre 5 e 10 persoas e para anotarse nestas actividades poden chamar ao Concello de Outeiro de Rei nos teléfonos: 982 393 281 (Blanca) ou 982 393 408 (Cruz).

Organizan este mes cursos de reciclaxe de mobles e de xoguetes

O Concello de Outeiro de Rei está rematando os traballos para habilitar ao carón da nave de servizos municipal do parque empresarial, un espazo para o intercambio, restauración e autorreparación de obxectos, co obxectivo de alongar a vida útil dos mesmos. Como punto de arranque deste proxecto, o Concello organiza dous cursos que se desenvolverán neste espazo a partir do próximo mes. Por unha parte organizan un curso de reciclaxe de mobles que se prolongará do 21 de outubro ao 12 de novembro en horario de xoces e venres de 16:15 a 19:15 horas. Haberá 10 prazas e será de balde. Esta actividade está dirixida á reciclaxe e á restauración de mobles. Tamén se realizará un curso de reparación de xoguetes entre o 16



de outubro e o 13 de novembro, os sábados de 10:00 a 13:00 horas, tamén para dez persoas e gratuíto. Este curso permitirá ás persoas participantes reparar xoguetes actuais (por exemplo, coches teledirixidos e outros moitos con mecanismos máis sinxelos) e tamén

restaurar xoguetes antigos. As persoas interesadas en participar poden realizar a súa solicitude na Casa da Cultura de Outeiro de Rei ou no 982 393 408; o prazo estará aberto do ata o 14 de outubro. Dentro deste proxecto está previsto que o día 14 de outubro teña lugar unha xornada sobre economía circular e reciclaxe e a presentación do espazo de autorreparación e intercambio de obxectos; neste caso, a cita terá lugar na casa da cultura de Outeiro de Rei ás 11:00 horas. Este proxecto obtivo subvención da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (programa operativo FEDer Galicia 2014-2020) da Unión Europea.

DEPORTES



Unión lucense no deporte

CD Lugo e Breogán promocionan xuntos o deporte e os hábitos saudables

O CB Breogán e o CD Lugo presentaron o proxecto Xuntos da man, que servirá de paraugas para as accións de promoción do deporte así como doutras iniciativas sociais e culturais de interese xeral que os clubs realicen no marco dos contratos de patrocinio que manteñen coa Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

Os presidentes de CB Breogán e CD Lugo, José Antonio Caneda e Tino Saqués, escenificaron esta unión nun acto que se celebrou no Salón de Actos do Pazo de San Marcos e no que se adiantaron algunhas das accións a desenvolver conxuntamente nos vindeiros meses, que implicarán

a representantes institucionais, xogadores e persoal técnico dos dous clubs.

Entre elas, a creación de vídeos e contidos asociados á promoción de hábitos saudables para a súa difusión a través dos perfís dos clubs en redes sociais, o reparto de balóns e material divulgativo, visitas a centros escolares e entidades do ámbito social ou a participación en eventos culturais e turísticas a fin de contribuír á súa visibilidade.

A campaña conta cunha web propia, xuntosdaman.gal, orientada á difusión dos contidos asociados a estas actividades e que conta tamén con formulario de contacto para que anpas

e outras asociacións poidan interesarse polas actividades propostas.

O obxectivo é que os dous clubs coa masa social e a visibilidade do CB Breogán e o CD Lugo contribúan á promoción de hábitos saudables e de valores cívicos, tendo en conta o recoñecemento social e a relevancia que o deporte ten na nosa sociedade.

Na mesma liña, os presidentes de CD Lugo e Breogán ratificaron a vontade de sumar esforzos e colaborar nestas accións, dando forma a un proxecto conxunto que dera os primeiros pasos nas semanas previas á crise sanitaria provocada pola covid 19.



Unha imaxe do Breogán e do CD Lugo (Foto Endie DoaRúa) nesta campaña

Un comezo ilusionante

Por Adrián Fernández.

Chegou, por fin, o momento máis esperado, o comezo da tempada 21/22 da ACB e non puido empezar de mellor maneira. Dúas vitorias e unha derrota contra o Barcelona no Palau é o balance, sendo líderes da liga as dúas primeiras xornadas. Empezaba a liga nacasa, no Pazo, ante un durísimo rival como é o Lenovo Tenerife e as ganas e a tensión podíanse notar no ambiente, pero Musa encargouse deseguido de disipar as dúbidas; 16 puntos sen fallo no primeiro cuarto foi a súa carta de presentación na ACB, e unha demostración do que pode dar ao Breogán. Entre el e Mahalbasic (12 puntos e 12 rebotes), e unha actuación sobresaínte de todo o equipo, chegou a primeira vitoria do ano (92-73) e líderes, algo anecdótico pero ilusionante.

Despois tocou ir a Burgos entre semana e ver o noso rendemento fóra de casa, e o equipo non defraudou; demostrou que é un equipo serio e que hai que estar ao cen por cen para gañar a este equipo. Burgos acusou as baixas e na segunda parte non puido co vendaval do Breogán, ao final 62-87 para os de Lugo con Bell-Haynes como máximo anotador con 20 puntos e unha moi boa actuación xeral de todo o equipo celeste, 2-0 e +44 de average mantíñanos líderes unha xornada máis.

Coa sensación do traballo ben feito chegaron a Barcelona dispostos a dar a sorpresa. Esta vez non puido ser, pero a imaxe que deixaron é para estar moi satisfeitos, competiron da ti á ti contra un dos favoritos chegándose a poñer a un punto a falta de oito minutos. Musa o me-

llor con catorce puntos e outros tres xogadores por riba dos dez para acabar perdendo 78-69.

Un bo comezo para un Breogán que parece que, esta vez si, ten un equipo competitivo e compensado. Co talento de Musa, Bell-Haynes e Kalinoski e o traballo e sacrificio do resto, encabezado polos irmáns Quintela, que deron un paso adiante, o Breogán é un equipo serio que sabe ao que xoga e que non ten altibaxos nos partidos, algo indispensable para alcanzar o obxectivo da salvación. Agora vén un mes de outubro cargado con cinco partidos, tres na casa, Betis, Real Madrid e UCAM Murcia, e dous fóra, Unicaja e CAI Zaragoza. Mentres nos respecten as lesións, parece que poderemos sacar cousas positivas e manter a ilusión durante máis tempo.

O Lugo mellora posicións na clasificación da Liga

O Lugo, que mantén unha constante de puntuación, comeza a mirar cara arriba tras sumar a primeira vitoria da tempada despois de catro empates. Si ben é certo que lle costou atopar os tres puntos, dos sete partidos celebrados ata a data, sumou en cinco deles, malia que catro só foron os correspondentes ao empate co Oviedo, Zaragoza, Fuenlabrada e Real Sociedad B. Foi o Huesca o rival batido na xornada cinco, o que lle leva a ocupar a posición número 17 da clasificación da liga de Segunda División, xunto ao Real Zaragoza, co que ten a favor o gol average; e só un punto por riba do Burgos, Real Sociedad B e Amorebieta. As tres seguintes posicións están tamén a tiro dun punto polo que

unha nova vitoria suporía para o conxunto lugués un paso importante de cara á permanencia na categoría.

Precisamente os dous próximos rivais, o Leganés e o Girona son so van un só punto por riba polo que podería conseguir un avance importante na táboa de sumar algunha vitoria.

Cos resultados obtidos ata a data, o CD Lugo realiza unha media dun punto por encontro, compensando a vitoria coas dúas derrotas contra o Cartagena e o Valladolid. Para o Lugo este é o segundo ano no que ten un peor resultado nas primeiras xornadas.

Moitos destes resultados están condicionados polas numerosas baixas, que afectan a oito xogadores.

Nova edición das Bolsas ao Talento Deportivo do Concello de Lugo

A área de Deportes convocará nos vindeiros días unha nova edición das Bolsas Municipais ao Talento Deportivo. A Xunta de Goberno aprobou a consignación dunha partida de 23.795 euros cos que se sufragarán estas achegas dirixidas a fomentar a práctica da actividade física.

Poderán concorrer a estas subvencións todas as rapazas e rapaces que naceran entre os anos 2002 e 2007 – e sen límite de idade para o/as deportistas con discapacidade – que, estando federados o ano pasado, destacaran pola súa participación en eventos deportivos con resultados relevantes, tanto a nivel autonómico como nacional.

O concelleiro de Deportes referiu tamén que as bases destas bolsas terán en conta os méritos acadados en campionatos de España (do 1º ao 8º posto) e de Galicia (do 1º ao 3º posto).

O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días hábiles, contados dende o seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e poderán entregalas no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben empregando os medios que establece a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Caixa Rural co deporte



Caixa Rural Galega uniuse ao resto de entidades do Grupo Caixa Rural, a Seguros RGA e ao equipo ciclista que patrocinan para celebrar o Día Solidario e demostrar o seu espírito sostible e social, colaborando coas persoas que máis o necesitan doando o 10% das pólizas de seguros que se vendan hoxe a Cáritas que, co seu proxecto Dereito á alimentación, proporciona axuda de primeira necesidade ás persoas con dificultades.

Para facer máis visible o Día Solidario, durante o día de hoxe os empregados do Grupo Caixa Rural e Seguros RGA vestiron unha camiseta verde solidaria e sostible deseñada especialmente para este día, un día no que valores que comparten, como o compromiso e a axuda aos demais, brillan máis que nunca.

O Día Solidario é o complemento perfecto da Volta en Verde, a acción de sustentabilidade que realizaron, de maneira conxunta, o equipo ciclista Caixa Rural-Seguros RGA, a aseguradora e as Caixas Rurais con presenza no percorrido da Volta a España e mediante a que se realizou unha doazón de 2.000 € por cada etapa a unha entidade local para proxectos sostibles.

RECEPCIÓN A ADIARATOU. A atleta lucense e militante do Lucus Caixa Rural Galega foi recibida polo histórico patrocinador do equipo de atletismo Lucus nos seus servizos centrais co obxecto de homenaxear e recoñecer o enorme éxito que para o club e para a cidade de Lugo supuxo a súa xesta ao volver dos Xogos Paralímpicos de Tokio.

O Rallye San Froilán será os días 22, 23 e 24 de outubro



Unha das imaxes de arquivo doutras edicións

O Rallye de San Froilán volve un ano máis á cidade de Lugo, malia a pandemia, e terá lugar os días 22, 23 e 24 de outubro.

Este ano chega á súa 43 edición e constará dun percorrido total de 455,61 quilómetros, dos cales 116,16 corresponden a 10 treitos cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico.

Esta proba é puntuable para o Campionato Galego de Rallyes e estará dividida en dúas etapas e catro seccións. O Rallye terá

tres parques de traballo, ademais do parque de traballo da noite do venres ao sábado.

Os premios e trofeos que se entregarán serán aos 6 primeiros da xeral, piloto e copiloto, sendo 1.800 euros o agasallo para os primeiros, 1.350 para os segundos, 1.000 para os terceiros, 750 euros para os cuartos, 600 para os quintos e 500 euros para os sextos.

Os primeiros de cada agrupación levarán 250 euros, 130 e 100 euros respectivamente.

O 13 remata o prazo para inscribirse na primeira Ruta BTT por Friol

O prazo e inscrición para a I Ruta BTT por Friol, organizada polo club local para o 17 de outubro permanecerá aberto ata o 13 ou ata completar un aforo máximo de 250 participantes, todos eles maiores de 15 anos. Esta constará de dúas rutas, a longa de 70 km e 1.800 metros de altitude, e a curta de 40 quilómetros e 850 metros.

Terá un prezo de 25 euros cun desconto para os federados de 10 euros. Para participar haberá que inscribirse en Championchipnorte e para solicitar información no email de clubciclistafriol@gmail.com ou no teléfono 606 085 556. Ata o momento xa están inscritos preto de 200 atletas.

Segundo explicaron dende a organización, non se aceptarán inscricións o día da proba e a recollida de dorsais terá lugar entre as 8.00 e as 8.45 na mesma praza Andón Cebreiro, onde estará situada a saída e a meta. As dúas rutas terán saída ás 9.00 ho-



ras.

Os participantes poderán participar no sorteo de agasallos ao finalizar a proba, que rematará cuns pinchos no pavillón polideportivo, onde tamén se fará lavado de bicicleta e duchas.

Ademais, haberá avituallamento durante as dúas rutas.

A provincia participa no Campionato do Mundo de Carreiras de Aventura

A Casa da Cultura de Monforte acolleu a presentación do Campionato Mundial de Carreiras de Aventuras, que arranca o 2 de outubro na cidade do Cabe para percorrer despois ata o día 9 unha vintena de concellos lucenses, e as provincias de Ourense e A Coruña.

O mandatario provincial explicou que a Deputación de Lugo colabora con este evento deportivo de primeiro nivel cunha aportación de 60.000€, un apoio que forma parte “da nosa aposta por consolidar a provincia de Lugo como un escenario de grandes acontecementos deportivos que teñen unha repercusión global” para promocionar o territorio a nivel nacional e internacional, e favorecer así a actividade turística de calidade e sostible.

Neste sentido, lembrou que a institución colaborou este ano para o paso La Vuelta Ciclista pola provincia e para a celebración da primeira edición da regata máis longa de Europa, a Gold River Race.

O Campionato do Mundo de Ca-



Presentación da proba internacional

reiras de Aventuras bate neste edición récord de participación, con preto de 100 equipos inscritos e máis de 400 participantes de 24 países de toda Europa e América, que percorreren un trazado de 620 quilómetros combinando kayak, bicicleta de montaña ou trekking.

A Raid Gallaecia-AR World Championship 2021 comezará na Cidade do Cabe o vindeiro sábado, 2 de outubro, (con saída ás 12.00 horas desde a Praza da Compañía) e percorrerá diferentes puntos da provincia de Lugo, da Coruña e de

Ourense ata o día 9 dese mes.

O campionato reunirá aos 11 dos 12 primeiros clasificados mundiais das Adventure Racing World Series (ARWS) 2021 entre os 100 inscritos, unha cifra récord na historia das carreiras de aventura.

O tempo estimado do gañador é do redor dunhas 90 horas (uns 4 días). A carreira continuará aberta ata as 168 horas, pois a meta pecharase o sábado 9 de outubro, ás 12.00 horas. Ese mesmo día terá lugar a cerimonia de entrega de premios, a cea e a festa final.

Lugo Sala diseña un proxecto de fútbol sala a longo prazo

Dende o club explican o plan de futuro que teñen en mente, así coma os obxectivos marcados para as próximas tempadas, de carácter social

Lugo sempre foi unha cidade con gran paixón e seguimento do fútbol sala. Dende a tempada 2002/2003 ata a tempada 2014/2015, a cidade contou cun equipo de fútbol sala na máxima categoría nacional, o Azkar Lugo FS e, ademais, existía a Escola Terra, un proxecto de fútbol sala base onde se formaban xogadores nas diferentes categorías de forma profesional.

Sen embargo, este gran proxecto chegou ao seu fin despois de numerosos problemas económicos e de desfacer a Escola Terra para sempre. Tras esta situación, Lugo continuaba a ser o berce de moitos dos grandes xogadores actuais a nivel galego, polo que se crearon institucións para suplir esta caída.

Desta maneira, chegou en maio de 2014 o Lugo Sala, unha nova entidade deportiva dentro da cidade de Lugo que busca traballar coa base para formar xogadores e deportistas. O club divídese en dúas partes: por un lado atópase a escola e, polo outro, o primeiro equipo. Esta primeira trátase dunha escola especializada en fútbol sala que ten coma obxectivo fundamental formar a deportistas con bos hábitos para, posteriormente, formar a xogadores de fútbol sala que poidan ir chegando ao primeiro equipo, que milita nesta tempada en terceira división.

Así mesmo, o obxectivo neste ano para o primeiro equipo é ascender a segunda división B, categoría na que militan equipos coma o Club Ribeira FS, o Leis Pontevedra FS, O Parrulo Ferrol FS B, o Santiago Futsal ou o CD Segosala, entre outros. De feito, dende Lugo Sala recordan que “xa levamos dúas tempadas perdendo na final do play off de ascenso”.

Para iso, neste verán lograron configurar un equipo de calidade, con veteranía e equilibrado, no que as fichaxes son do máis prometedoras e contan cun bagaxe de experiencia importante “son fichaxes que esperamos que

nos dean un salto de calidade. Veñen de competir en categorías superiores e agardamos que nos axuden a acadar o obxectivo”. Xogadores coma Diego Núñez, Iago Rodríguez, Miguel Muñoz -de O Parrulo Ferrol-, Antonio Diz -do Noia FS-, Javi Río e Bruno son algúns dos nomes dos que se poderá gozar de novo no Pavillón Municipal de Lugo.

Así mesmo, dende a entidade de Lugo Sala mencionan a importancia da base que se pode ver reflectida coa subida de catro xuvenís ao primeiro equipo. Xunto a eles, xogadores que xa se atopaban no primeiro equipo coma Costoya, Yago e Luís Carballal, entre outros -que aínda se están formando e que contan cunha gran proxección-, serven

O obxectivo do club é estar nunha categoría semiprofesional, polo menos en Segunda División

de base do proxecto e dan continuidade ao equipo que se leva formando durante estes anos. Unha unión equilibrada que xunta a xuventude e a formación coa veteranía e a experiencia de xogadores que levan rodado anos e anos por equipos de primeira e segunda división nacional. Ademais, dende o club lembran que este equipo vai atraer afección ao Pavillón Municipal de Lugo xa que moitos dos xogadores levan anos sen competir en Lugo.

A longo prazo, dende o club sinalan que o obxectivo é estar nunha categoría semiprofesional de fútbol sala “se a curto prazo falamos de ascender a 2ªB, a longo prazo falamos de estar, polo menos, en segunda división”. A nivel escola defenden o feito de seguir profesionalizando a estrutura “non no feito de ter máis ou menos nenos, senón de contar cunha boa estrutura. Ac-

tualmente, os nosos traballadores están dados de alta e teñen a súa seguridade social. Ademais, temos a nosa instalación privada no Pazo de Feiras e Congresos para dispoñer dela con tres ou catro pistas e poder adestrar coa mellor calidade posible. Se podemos seguir investindo en servizos para os nosos xogadores, mellor”.

Así mesmo, mencionan o proxecto de sección feminina que comezaron o ano pasado, sacando un equipo senior na primeira categoría provincial. Nesta tempada, pola súa banda, tamén van contar cun xuvenil en liga galega e, a longo prazo, a idea de Lugo Sala é ter unha escola con equipos femininos por un lado e con equipos masculinos polo outro. “Nós queremos ofertar e potenciar a nosa escola tamén para as nenas. Temos ilusión e cremos que a longo prazo podemos conseguirlo”.

EVOLUCIÓN. Hai que ter en conta que Lugo Sala é un club relativamente recente -nado no 2014- que creceu e evolucionou positivamente nestes sete anos. Desta maneira, segundo comentan dende Lugo Sala, o primeiro ano, que foi a tempada do ano 2014/2015, contaban con 50 rapaces aproximadamente e catro equipos. A evolución foi tal que, actualmente, cóntase con arredor de 18 ou 19 equipos -contando co senior masculino e co senior feminino- e unha escola que ronda os 250 xogadores en total.

Ademais, para rematar e, sumados aos obxectivos da escola e do primeiro equipo, dende Lugo Sala queren continuar o crecemento nos obxectivos a nivel social, a través de recollida de xoguete e de alimentos. Así mesmo, tamén buscan seguir traballando con asociacións de nenos con necesidades educativas especiais coma pode ser Raiolas e colaborando con outras entidades e institucións da provincia de Lugo que axuden a nivel social.



Distintas imaxes do club

LUGOXA

Para calquera suxestión,
información ou comentario
non dubide en poñerse en
contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@lugoxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 56-2021

Teléfono 661 464 323

redaccion@lugoxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.



Espazo que queda na banda da pista

O Palomar podería perder a homologación da Federación, di o PP

O concelleiro do PP Óscar Poy, advirte ao goberno local que a pista de baloncesto do pavillón do Palomar podería perder a homologación por parte da Federación Galega de Baloncesto ao non cumprir cos estándares mínimos marcados polo ente federativo. Óscar Poy sinala coma unha das eivas detectadas a distancia entre as liñas de fondo da pista e o muro do pavillón. “A realidade é que tralo arranxo das pistas do Palomar, entre as liñas de fondo e a parede do pavillón hai 41 centímetros de separación, polo que de inicio xa non se cumpre a normativa, ao que se engade que ningún dos obstáculos con-

ta con elementos de protección”, di Poy,“haberá que agardar pola resolución da Federación Galega de Baloncesto pero está claro que a distancia non é suficiente, polo que moito nos tememos que non se concederá a homologación xa que é patente que hai un problema grave de seguridade para os rapaces e rapazas que realizan alí os seus adestramentos porque calquera tropezón pode desembocar en que os xogadores choquen violentamente contra o muro”. Unha situación ante a que o concelleiro popular apunta directamente á obcecación de Mauricio Repetto por seguir adiante coas obras a pesar de que recibiu diferentes advertencias.



ADIARATOU IGLESIAS. O Concello de Lugo ofreceu unha recepción oficial a Adiaratou Iglesias para trasladarlle os parabéns polos seus logros nos Xogos Paralímpicos de Tokio. Ao acto asistiu tamén Adolfo Vila, adestrador de Iglesias, así como familiares e amigos da atleta.

MAESTRO IMAN

VIDENTE AFRICANO

ALTA EXPERIENCIA

Puede resolver todo tipo de problemas.
 Especialista de vida Amorosa,
 Recuperación de pareja,
 Impotencia Sexual, Familiares,
 Mal de Ojo, Hechizos...

SU TRABAJO ES SERIO 100% Garantizado y Rápido

651 44 11 86

Deu comezo a liga de Billarda



Unha imaxe da primeira xornada de liga

A liga de Billarda da conferencia NorLeste comezou a tempada coa celebración do V edición do Trofeo das Noces en Castroverde. O vindeiro 3 de outubro disputárase no campo da Mina da Pontenova o X Aberto do Ferro. No primeiro torneo notouse a inactividade, e mais paseniño foise entrando de cheo nuncha competición que resultou deportivamente moi reñida. As puntuación non foron moi altas, so tres palanadores superaron os 20 puntos e acadaron o podio da xornada. Manu Pozo e Félix (Billardeiros Musicais de Ribadeo) foron primeiro e segundo, acompañounos no terceiro caixón Sachas (Troitas Bravas da Pontenova). En donas destacou Irea (Carabullo de Ponte de Outeiro), seguida da tricampiona nacional Geni (Billardeiros Musicais) e Paula (Chainzos-Cadaval da Pastoriza e Castro de Rei).

Aroa (Billardeiros Musicais) gañou en infantís seguida de Diego e Mateo (ambos os dous de Madia Leva de Lugo). Finalmente por equipos gañaron os Billardeiros Musicais de Ribadeo, aínda que só cun punto de diferenza cos Carabullo de Ponte de Outeiro e os Troitas Bravas da Pontenova, o que dá unha idea da igualdade existente e a emoción que agarda nesta nova edición da LNB NorLeste. Os oito equipos que compoñen a nosa conferencia, xunguíronse nesta primeira xornada, Campo da Feira de Paisaco e Filloas de Sangue da Coruña, dous equipos veteranís e moi competitivos que xogan na conferencia NorOeste. Cerrouse a xornada coa entega os gañadores duns artísticos e artesanais trofeos feitos por Manu de Billarda Verde e a continuación remataron dando conta dunhas racións de pulpo á feira.

CALENDARIO

- 1ª xornada – Castroverde – domingo 12 de setembro – organiza Billarda Verde
- 2ª xornada – A Pontenova – domingo 3 de outubro – organiza Troitas Bravas
- 3ª xornada – Lugo – domingo 14 de novembro – organiza Madia Leva
- FÓRA DE LIGA: Copa Cantábrica entre Galicia e Asturias – Piedras Blancas – sábado 20 de novembro
- 4ª xornada – Ribadeo – domingo 12 de decembro – organiza Billardeiros Musicais
- 5ª xornada – Castro Ribeiras de Lea – sábado 15 de xaneiro – organiza Chainzos Cadaval
- 6ª xornada – Mondoñedo – sábado 12 de febreiro
- 7ª xornada – San Miguel – sábado 5 de marzo – organiza Flores
- 8ª xornada – Begonte – domingo 20 de abril – organiza Castiñeiro Milenario
- FÓRA DE LIGA: XII O Varal encontro billardeiro entre as tres conferencias
- 9ª xornada – Ponte de Outeiro – domingo 24 de abril – organiza Carabullo
- 10ª xornada – Remourelle – sábado 14 de maio – organiza Remourelle Bulls
- Finais en Santiago de Compostela – domingo 29 de maio.

O Fluvial proclámase gañador da Liga Provincial de piragüismo

O Club Fluvial de Lugo proclamouse gañador da Liga Provincial de Piragüismo que se celebrou o domingo 26 no río Miño. O Fluvial acadou 5.215 puntos, o Cidade de Lugo 3.060, o Altrúan de Ribadeo 2.037, e o Viveiro Urban Hotel 1.712. Na categoría cadete gañaron Nicolás Gayol e Andrea Rodríguez do Altrúan, e en xuvenil, Saulo Molina e Enma Devesa do Cidade de Lugo. En prebenxamín foron Xosé Rodríguez Oliveros e Leyre García do Kayak de Foz; en benxamín A foron Martín Feijoo do Altrúan, e Ángela Abel do Cidade de Lugo e en benxamín B, Daniel Mera do Cidade de Lugo e Valeria López do Fluvial; en alevín A Manuel Martínez do Fluvial e Elena González do Altrúan e en



Un momento da proba celebrada no río Miño

alevín B Martín García e Manuela Lastra do Altrúan. Xa en infantil A os gañadores foron Daniel Moscoso e Aida Fonseca do Fluvial, e en B, Yaroslav Alforoz do Cidade de Lugo e Lucía

Lodeiro do Fluvial. En C1 Héctor Vázquez do Fluvial en infantil A, Alejandro Pérez e Paula Racamonde en B, Samuel Fernández en cadete A; e José Núñez en xuvenil A.

COLABORACIÓN

Unha salariada

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Unha salariada... do pobo alemán. Foi esa a definición coa que a todo poderoso Angela Dorothea Merkel se refería a si mesma, a cal, despois de dezaseis anos, deixará o poder, sendo a partir das eleccións lexislativas do último domingo de setembro un novo parlamento quen escolla a persoa que lidere o xigante europeo, Alemaña, nos vindeiros tempos.

Nesta columna, o habitual é que se faga referencia a aspectos, historias e personaxes propios ou próximos ao noso entorno, buscando a relación directa ou indirecta coa Chaira. Mais nesta ocasión, permítaseme dedicarlle o artigo a unha das políticas europeas máis significativas e que

deixan unha pegada que ninguén pode obviar.

Merkel criouse na coñecida como R.D.A., a Alemaña comunista que quedou baixo a órbita soviética tra-la segunda guerra mundial, afacéndose e adaptándose á rigurosidade do réxime. Unha vez caído o Muro de Berlín e a raíz da posterior unificación do Oeste e Leste nun só estado, comezaría a súa carreira política, primeiro como ministra e logo de vencer nas eleccións do ano dous mil cinco, como xefa do goberno.

Como todo personaxe dedicado á cousa pública e despois dun período de tempo tan longo, existen valoracións para tódolos gustos, pero en xeral o seu legado está a ser loucado e recoñecido. Ela destacou entre o resto de mandatarios, sendo quen —na maior parte das ocasións— de levar a iniciativa. Sempre estivo en primeira liña, sen esconderse en crises importantes como a dos refuxiados chegados de Siria,



Iraque e doutros lugares onde se estaban a cometer auténticas atrocidades. Merkel, a diferenza doutros estados membros da Unión Europea, incluído o noso, si deu un paso á fronte e abriu a man para que varios centos de miles deses homes, mulleres e nenos se asentasen en Alemaña, a pesares da controversia xerada e do desafío que esa decisión levaba consigo. Distinguiuse de

moitos dos seus colegas, onde a escaseza de visión de futuro dificultáballes mirar máis aló de catro anos vista, porque sabía moi ben que Alemaña precisará de man de obra traballadora para facer viable unha sociedade que tamén acusa o fenómeno do avellentamento. Soubo como ninguén marcar territorio contra actitudes xenófobas e racistas, cortando de raíz calquera

aproximación a posturas intransexistas daqueles grupos que anhelan voltar a un pasado que se caracterizou pola intolerancia e que tan só causou dolor e destrución. Tampouco dubidou en botarlle un pulso a ese excéntrico que había de presidente nos Estados Unidos; aquela famosa fotografía dos líderes mundiais entorno a unha mesa, onde era ela quen trataba de convecer a Trump pasará á Historia. E foi capaz de gobernar cos seus rivais directos.

Angela Merkel predicou co exemplo no seu estilo de vida. A imaxe que transmitía coa súa vestimenta, facendo ela mesma a compra no supermercado e vivindo no seu propio domicilio, contribuíu a consolidar ese liderazgo no conxunto de Europa.

Moitos dirixentes, actuais e futuros, das diversas ideoloxías, teñen un espello no que mirarse. Abofé que se botará en falta a esta salariada do pobo alemán

Porque é unha cidade... agradable

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

No meu anterior artigo falaba da eliminación das barreiras físicas (as arquitectónicas, as urbanísticas e as de comunicación), facendo de Lugo unha cidade accesible. Neste falarei doutro tipo de barreiras máis sutís, pero non menos dañinas: as socio-mentais.

Como xa mencionei anteriormente, con dezaioito anos quixen deixar Lugo. Estaba farta de atoparme con grupiños de xente pechados a todo aquel que fose diferente. Tiña a impresión de que non só existía unha muralla monumental, senón que tamén, en moitas mentes desta cidade, existían barreiras insuperables. E sobre todo, percibín un conformismo que me arroxou por enriba unha especie de tristura melancólica. Para mín Lugo era un lugar inhóspito.

Entón, querendo revelarme, e tamén por inqueda profesional, marchei de Lugo para atopar unha contorna máis aberta e me-

nos excluín.

A vida, o destino ou o azar oportunista quixeron que volveise e redescubrixe esta cidade. Máis de tres décadas despois, revirou meu pensamento. Agora recomendo visitala, incluso residir nela.

Sobre todo no outono, cando estamos a piques de rematar o verán e cando está a comezar o mes de outubro, Lugo transfórmasse, énchese de ledicia rompedora co de sempre para amosar outras cousas diferentes á rutina cotiá.

Toda a xente sae á rúa aínda que chova e empece a facer frío. E todo iso é porque cheira a festa. Con ou sen pandemia, entre o 4 e o 12 deste mes, a veciñanza lucense quere festexar ao seu patrón, San Froilán.

E cando digo toda a xente é que me estou referindo a toda a poboación, residente ou non, que pasa por Lugo un día ou queda varios porque quere probar o polbo á feria, haxa ou non atraccións e barracas.

Esta mestura de xentes conviven durante nove días sen atrancos. Unha proba diso é que as persoas con diversidade funcional teñen a posibilidade de asistir aos concer-

tos en igualdade de oportunidades xa que dispoñen dunha tarima para ver o escenario.

Non só isto ocorre nas festas patronais, senón tamén no Arde Lucus, festas que teñen lugar, basicamente, na rúa con moito mellor tempo xa que se celebran no mes de xuño.

E para o resto do ano, segundo o slogan archicoñecido “E para comer Lugo”, os lucenses atraen aos visitantes foráneos conquistándoos polo estómago.

Ser convidado a xantar nunha mesa é sinal de acollida, de hospitalidade ofertada pola xente cando se colle confianza. Compartir tempo de lecer en calquera zona de viños, distribuídas pola cidade: rúa Nova- rúa da Cruz; barrio da Milagrosa, Fontiñas... supón retornar á casa xa ceados e algo contentos, grazas ás suculentas tapas gratuítas. E unha vez máis, mencionar a moitos negocios de hostalería que fixeron esforzos para adaptarse ás persoas con mobilidade reducida.

Aos que veñen de fóra, se lles explica ben todo para que non se perdan, para que aproveiten ben o tempo e vexan o máis turístico

da cidade e, por suposto, para que volvan sen deixar de falar de nós nas súas localidades.

Ofrecer oportunidades, convidar

e acoller son verbos que se están a conxugar en Lugo, facendoa unha cidade cada vez máis agradable.

ELISARDO BARCALA



DESCUBRINDO O PATRIMONIO

A Catedral rebusca no seu pasado histórico

A Catedral de Santa María está adicada á Virxe María e atópase situada ao pé da Muralla, concretamente diante da porta de Santiago, preto da praça Maior. Foi comezada no século XII e desde o ano 2015 é considerada Patrimonio da Humanidade pola Unesco como parte dos Camiños Primitivo e Norte. O proxecto da actual Catedral de Lugo ten as súas orixes no ano 1129, momento no que durante o mandato do Bispo Pedro III este encarga ao mestre Raimundo a construción dun edificio románico. Practicamente desde os seus inicios, a Catedral foi sometida a numerosas reformas e ampliacións tanto en época medieval como moderna e neoclásica, dándose por concluído o seu proxecto coa construción das torres da fachada occidental en 1880. O resultado é un armonioso conxunto arquitectónico de épocas e estilos que se manifestan tanto na súa estrutura como nos elementos decorativos do interior. Románico, Gótico, Renacemento, Barroco e Neoclasicismo fúndense nun único edificio cuxa contorna, é contiguo á



Dúas vistas da Catedral luguesa, a fachada principal e a traseira



muralla romana de Lugo, constitúe o punto neurálxico do patrimonio mundial lucense. Entre os elementos máis destacados da Catedral destaca a porta norte, de estilo románico, coroada por un inconfundible pantocrátor marmóreo e sobre este lateral descansa a torre do reloxo. No exterior destaca tamén a sobria fachada principal que se atopa enmarcada polas torres decimonónicas. Na ábside a protagonista é a capela barroca da nosa Señora dos Ollos Grandes, considerada unha

das obras mestras do barroco galego. No altar maior atópase un tabernáculo neoclásico no que se exhibe de forma permanente o Santísimo Sacramento e fronte a el sitúase o coro do século XVIII atribuído a Francisco de Moure e, a ambos os dous lados, nos extremos do cruceiro, descansa o antigo altar maior renacentista da Catedral. Completan o magnífico conxunto os sepulcros do cruceiro e de capelas como a de San Froilán; a imaxinería relixiosa, con obras destacadas como San José, Santa Lucía, A nosa Señora da Esperanza ou o Ecce Homo; as reixas do deambulatorio ou as pinturas da bóveda do altar maior, obra de José de Terán. A Catedral tamén alberga o decano dos museos catedralicios galegos que actualmente conta cunha destacada colección de pezas de gran relevancia como o Crismón de Quiroga, elementos patrimoniais de templos lucenses, diferentes imaxes de Santa María, ourivaría litúrxica, imaxinería, pezas de arqueoloxía e pintura relixiosa.

DIFERENTES ÉPOCAS. Recentemente comezou unha nova actuación arqueolóxica no claustro e no adro e darán continuidade á intervención realizada o ano pasado. As sondaxes realizadas no claustro anteriormente constataron a clara superposición de restos arqueolóxicos de diferentes épocas históricas. O momento máis antigo é datado en época romana e consiste na aparición dun muro de cachotería de lousa aglutinada con argamasa de cal duns 50 cm de ancho e cunha cimentación máis ancha duns 70 cm. Esta construción muraria parece ter unha continuación en ángulo recto cara ao norte do claustro. Sobre este muro aparece un nivel de amortización e selado. Tamén se constatou a aparición de senllos muros de cachotería de lousa duns 70 cm de ancho e que se desenvolven perpendiculares ás pandas norte e este do claustro, que pola súa feitura parecen de época medieval e que, como hipótese preliminar, podería formar parte do claustro medieval da Catedral. Tras a presenza dun horizonte de

incendio, verificado na panda norte do claustro, constatouse a presenza, por riba dos anteriores muros mencionados, dunha necrópole de tumbas rectangulares de laxes de lousa, onde se ve unha clara superposición deste tipo de enterramentos, algúns dos cales conservan aínda restos de ósos humanos que foron datados no século XI-XII d.C. A actuación tamén permitiu constatar os traballos desenvolto durante a etapa barroca da Catedral, como é o descubrimento da bancada de cimentación da sacristía, construída a finais do século XVII por Domingo de Andrade e tamén os muros de cimentación das tres pandas do claustro barroco (1705-1714). Todas estas obras romperon a secuencia estratigráfica das etapas anteriores e nas que, ademais, se observa o reaproveitamento de elementos arquitectónicos de época medieval. Finalmente, nos niveis máis superficiais obsérvase unha colmatación da necrópole a base dun recheo revoltado con predominio de tellas e bastantes restos de ósos humanos.



Imaxe do coro, no interior

UNIDADES LIMITADAS

¡CORRE QUE VUELAN!

¡Y muchas más ofertas...!

Fairy lavavajillas líquido manzana o limón 800ml

SQRUPS!

1,95€

PRECIO NORMAL 2,50€

AHORRAS 22%

Almohada de pierna

SQRUPS!

8,95€

PRECIO NORMAL 19,95€

AHORRAS 56%

Cortapelo recargable con accesorios

SQRUPS!

12,95€

PRECIO NORMAL 19,95€

AHORRAS 36%

Mascarilla facial Sence Beauty

SQRUPS!

2,95€

PRECIO NORMAL 4,95€

AHORRAS 41%

EL PAR 0,50€

*cada pack contiene más de un par

O LO VENDEMOS AL MEJOR PRECIO O NO LO TRAEMOS

¡Encuétranos en SQRUPS LUGO!

Av. de A Coruña, 128 Lugo

982 09 74 75

woocost.lugo

woocost.lugo